

Novas e Turoonio

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 2 | Edición nº 23 | Novembro de 2017 | PRECIO 0,50 EUROS

**Roberto Tato, primeiro
posto nos Premios
Extraordinarios de ESO**

Páxina 9

**Salvaterra reparte
comida para o gando**

Páxina 14

**Técnicos da Xunta
reuniranse cos veciños de
O Porriño polo lindano**

Páxina 17

**Tui oferta 16 visitas
guiadas temáticas**

Páxina 22

**Carmela Silva inaugura
as melloras do Campo
de Fútbol do Carballo**

Páxina 16

**«Petiscos con arte» na
Guarda**

Páxina 26



Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964



Arbo



Ponteareas

OPINIÓN

Xosé González Martínez

Presidente da Fundación L. Peña Novo

Sermos diferentes para sermos existentes

En 1895 o semanario “La Tierra Gallega”, editado en La Habana e dirixido por Manuel Curros Enríquez, adoitaba publicar un anuncio das marcas de viños: “Salto d’o Can”, “Enxebre” e “Vieira do Miño”. É de supoñer que a intención dos adegueiros era diferenciárense naquel mercado antillano doutros produtos pola singularidade lingüística que aportaban os seus nomes. Con aquela intención facían súa a máxima de hai que ser diferentes para facerse notar.

Hoxe o uso da lingua galega nas etiquetas pregoando as bondades das castes coas que se elaboran os viños é moi numeroso. Os textos e o seu coidado deseño dánlle presenza no medio da multitude de ofertas que hai nos mercados. Este compromiso dos adegueiros coa lingua galega

é de agradecer, porque contribúen a internacionalizar o noso sinal de identidade máis singular. Emulan deste xeito a outras marcas de viños e licores procedentes doutros países que tamén se etiquetan en cadansúa lingua de orixe. Repare o lector nos andeis dos supermercados e centros de distribución deste tipo de produtos e comprobará a diversidade de marcas de distintas procedencias xeográficas.

O Foro E. Peinador e a Irmandade Galega de Adegueiros e Agroalimentarios vén insistindo na oportunidade de etiquetar os nosos produtos en lingua galega, porque é a mellor maneira de ratificar a autenticidade da súa orixe. Os consumidores, que son cada vez máis esixentes nos gustos, procuran atopar neles sabores orixinais, auténticos, e a mellor maneira de

garantirlos é referencialos no idioma de procedencia.

O que é evidente desde o punto de vista da estratexia comercial, aínda non o teñen asumido algúns adegueiros e non poucas industrias de transformación galegas que consideran inconveniente o noso idioma para venderen os seus produtos alén das nosas fronteiras, sen repararen que outros, aquí, xa o están a facer desde hai moitos anos, e que tamén un champán francés de boa calidade vén etiquetado no idioma do país veciño, ou que un whisky describe as súas características en inglés.

Malia a existencia deses receos hai que dicir que dun tempo para acó temos avanzado; son moitísimas as marcas de produtos –viños, licores ou outros produtos de alimentación– que superaron eses receos e utilizan o noso idioma nas etiquetas. Neste proceso de galeguización comercial ten xogado un papel moi importante o Foro E. Peinador e a Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros que coas

súas accións teñen feito un labor de concienciación notorio.

Neste tarefa de estimular a etiquetaxe en galego está tamén A Asociación Álvaro das Casas, integrada no colectivo Galeguizar Galicia, que celebrará o próximo sábado, día 18, no pazo dos Ulloa en Espoende, Ribadavia, o acto de entrega dos premios Baceiros de Prata a dúas marcas comerciais que son modelos de galeguización: Adega Alborexar no Ribeiro, unha nova adega formada por mozos inquedados e ilusionados que elaboran viños que transmiten o que se fai na viña para que perdure no tempo e cunha identidade propia; e, Hoxe, Sociedade Cooperativa Galega, empresa agraria rural da comarca do Deza, que transforma o leite de vaca en variadas marcas de queixo de excelente calidade que está presente nas grandes áreas de comercialización.



Ceas de empresa, tamén en galego!

Chega o tempo das ceas de empresa como limiar das festas do Nadal. As expectativas de negocio para os restaurantes seica van ser óptimas. Non é de estrañar porque celebraranse por milleiros. Nelas o ambiente de camaradería irá acompañado de bos pratos, viños e licores. É unha boa ocasión para que os encargados de organizalas poñan a proba o seu criterio e o sentido común na escolla dos menús.

Dicimos bo criterio porque as máis das veces, por non afirmar que sempre, non se repara na transcendencia que ten para a nosa economía o abultado gasto que se vai facer, se impera o sentido da responsabilidade coa economía do país.

Porque coa elección dos produtos podemos apoiar as nosas industrias de transformación agroalimentarias que sobreviven no rural con dificultades.

Porque ampliamos o número de consumidores e consumidoras nas grandes áreas metropolitanas para que as nosas explotacións agrícolas sexan rendíbles e un medio de vida para as xentes do agro galego.

Porque dállelas costas a familiares e amigos que manteñen con esforzo heróico as explotacións agrícolas é unha mostra de insolidariedade con esas xentes.

Porque Galicia necesita ter economía propia, de seu, para non sermos dependentes doutras, fixar poboación no agro

e oportunidades de traballo nel.

A cohesión social de Galicia ten que forxarse cunha economía sólida, diversificada e cunha boa redistribución da riqueza, e un patrimonio cultural común. Con estes bimbios poderá ser posible crear unha Galicia próspera en todo o seu territorio e non só nunha parte dela. Ao contrario, abandonar o rural, é afondar nos desequilibrios territoriais que empobrecen e mancan a nosa identidade forxada pola historia.

As ceas de empresa son unha boa oportunidade para apoiar os produtos galegos, preferindo o seu consumo aos foráneos. As escollas do menú deben facerse pensando nas consecuencias, positivas ou negativas, que poden ter para o noso tecido produtivo. Velaí porque, en primeiro lugar, apelemos á sensibilidade daqueles que por razóns políticas ou sindicais, saben do que estamos a falar. Pero tamén, en segundo lugar, a todos os demais, para que se paren a pensar que Galicia precisa dunha economía propia.

Nas ceas de empresa, amigas e amigos, consumamos produtos galegos, e deles, aqueles que se identifican coa nosa cultura etiquetándose en lingua galega (viños, licores, lácteos, embutidos, conservas vexetais...). A economía e a lingua teñen que ir da man dos consumidores. Axudemos á galeguización da economía e ao mantemento de postos de traballo no rural.



A SANIDADE PÚBLICA EN PERIGO

MESA REDONDA
MODERADOR: XOSÉ DIOS DIZ.
VOCEIRO DA PLATAFORMA SOS
SANIDADE PÚBLICA DE COMPOSTELA

É NECESARIO O ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE ?

Participan responsables de
Sanidade do Parlamento de Galicia
e da Consellaría de Sanidade

BNG: Montse Prado Cores
En Marea: Eva Solla Fernández
PP: Aurelio Núñez Centeno
PSdeG-PSOE: Julio Torrado Quintela
Xerente do SERGAS: Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Colexio Médico de Santiago de Compostela
San Pedro de Mezonzo, 39.
Mércores 29 de novembro do 2017, ás 19:00 h.



A Igrexa utilizou a lei Aznar para rexistrar como súas polo menos 30 catedrais propiedade do Estado desde 1931

JESÚS BASTANTE

Contan os Evanxeos que Xudas traicionou a Xesús por 30 moedas de prata. 30 monedas, neste caso de euro, son o único custo que, entre 1998 e 2015, tiveron os bispos dunha treintena de dioceses para inmatricular en seu nome algunhas das catedrais españolas máis importantes que, desde había décadas pasaran a formar parte do Tesouro Artístico Nacional. A reforma da lei hipotecaria do Goberno Aznar veu a ser unha especie de compensación á incorporación dos referidos bens ao patrimonio xeral levado a cabo polo Goberno republicano de Niceto Alcalá Zamora en 1931.

Pese a todo, eses bens –catedrais, museos e bens de interese cultural– que algunhas fontes estiman en 4.500 só no período 1998-2015, aínda que poderían resultar dez veces máis se contamos desde a aplicación da franquista Lei Hipotecaria de 1946, seguen a recibir fondos públicos.

Así, as distintas administracións financian a restauración destes templos ou a súa iluminación, en virtude da súa condición de bens de interese cultural. Non obstante, os pingües beneficios derivados tanto do seu uso litúrxico (mediante esmoslas, estipendios de misas, etc...) como da súa explotación turística –a Seo de Zaragoza, a Xiralda de Sevilla ou a Mesquita de Córdoba (inmatriculada xa no 2006) son tres dos lugares máis visitados de España–, só teñen un destinatario: a Igrexa católica, que ademais se beneficia das múltiples exencións fiscais derivadas dos acordos entre o Estado español e a Santa Sede.

Non están todos os que son (o listado completo que o Executivo de Rajoy solicitou ao Colexio de Registradores aínda se fará esperar), emporiso esta é coma unha clasificación valorativa dos principais templos espoliados pola

Igrexa co beneplácito dos sucesivos Gobernos:

Catedral de Valladolid

A diocese de Valladolid chegou a inmatricular 16 propiedades, todas elas sen escritura recoñecida. Entre elas, a catedral, que entrou no registro da propiedade da capital pucelana o 23 de marzo de 2007. Xa figuraba no catastro en nome do Arcebispado, polo que unicamente foi preciso que o chanceler-secretario asinara un certificado e o trasladase tanto a Facenda como ao registro.

A catedral e a Xiralda de Sevilla

Ambos inmobles, que forman un todo no centro da capital hispalense, foron inmatriculados pola Igrexa católica en 2010. O custo? O mesmo que en Córdoba, 30 euros. Sete anos despois, a Xiralda recibe anualmente un millón de visitantes, cuns ingresos que superan os 9 millóns de euros ao ano, 63 millóns desde a súa inmatriculación. Todos eles cun único beneficiario (e exento de impostos): a Igrexa.

A catedral do Bo Pastor de Donostia

En 2012, o sempre polémico bispo donostiarra, José Ignacio Munilla, formalizou a petición de inmatricular a catedral do Bo Pastor. Un caso atípico, xa que o terreo no que se edifica o templo pertencía ao concello de Donostia, que en 1887 firmou un acordo polo que cedía o solo, co compromiso de que, se a Igrexa abandonaba o seu uso, volvería a ser propiedade do Consistorio. Sen embargo, hai cinco anos, coa inmatriculación, tanto o templo coma o terreo pasaron a mans da diocese.

Zaragoza

O caso de Zaragoza é o único dunha grande cidade na que o Goberno muni-



José María Aznar e a súa esposa, Ana Botella, conversan co entón cardeal arcebispo de Madrid, Antonio María Rouco Varela, en maio de 2003. ALBERTO MARTÍN / EFE

cipal (Zaragoza en Común) presentou unha demanda xudicial para reclamar a titularidade pública tanto da catedral da Seo como da igrexa da Magdalena. Ambos templos, inscritos en nome da Igrexa mentres a Comunidade de Aragón financiaba a súa rehabilitación, están en disputa, por máis que, segundo o Registro, o edificio pertenza ao Arcebispado "desde tempo descoñecido", pese a recoñecer que carece de "título de dominio inscrito ou inscribible".

Catedral de Granada

A diocese que hai uns meses viviu o escándalo do caso Romanones inscribiu o 1 de xuño de 2015 o conxunto artístico da Catedral, a Capela Real e o Sagrario, o lugar (despois da Alhambra) máis visitado da cidade.

Segundo denuncia Europa Laica, a inmatriculación levouse a cabo no último momento, e despois de que varios cidadáns certificaran que o templo non aparecía no registro. De feito, o Arcebispado tentou de inmatricular tamén a ba-

sílica da Virxe das Angustias, pero o prazo xa tiña concluído daquela.

Catedral de Jaca

É un dos edificios máis relevantes do románico español, declarado Ben de Interese Cultural en 1985. A diocese tramitou a súa inmatriculación vía registro en xuño de 2015, pouco antes de que concluíra o prazo dado polos gobernos do PP.

Catedral de Málaga

O Bispado de Málaga inscribiu en seu nome a Catedral e a súa contorna máis inmediata en febreiro de 2011. Na nota registral precísase que o seo foi "adquirido por inmatriculación" (figura previsto para bens sobre os que non constaba titular con anterioridade) en virtude dun certificado administrativo autorizado polo Concello de Málaga, que non puxo ningunha obxección ás pretensións da diocese.

Tomado de eldiario.es



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

O tripartito dinástico

O Xefe do Estado reivindicou a vía da represión e pechou a vía da negociación no seu discurso do 3-0 e PP, PSOE e C's asumiron a solución extrema-e inconstitucional-de cesar ao Govern e disolver o Parlament. Ao tempo, a apelación ao castigo penal e a priorización das solucións represivas xeraba en todo o Estado unha onda de nacionalismo español que mesmo reivindica ideas e xeitos de expresión até de agora patrimonio exclusivo da extrema dereita. Rexurde a España do "a por ellos", que algúns acreditaban superada.

PP e C's gañan xogando esta vía. Os la-

ranxas albiscan a posibilidade de constituir o eixo dunha maioría unionista no Parlament e o PP gusta xogar en campos enlamados, na lóxica amigo-inimigo e na división social, ademais de agachar a presenza abafante da corrupción (velaí ao inspector-xefe da UDEF recoñecendo a percepción por parte de Rajoy de sobresoldos en "B") e unha desigualdade social que xa é a segunda máis importante da Europa.

Mais non se entende o papelón que está a xogar o PSOE. A afiliación elixiu Pedro Sánchez co obxectivo de construír unha nova maioría parlamentaria que de-

saloxase ao PP. En troques, a nova dirección socialista asumiu acriticamente unha política que nin é a súa nin é a que lle piden as súas bases electorais (un 54% dos cidadáns fóra de Catalunya amósanse partidarios dunha solución negociada). Deste xeito, o PSOE mércalle o discurso territorial ao PP sen ningunha caste de contrapartida. De feito, voceiros autorizados do PP xa manifestaron que na comisión parlamentaria para a reforma constitucional, creada pola iniciativa socialista, estudáranse non só fórmulas para afondar na descentralización, senón a posibilidade de recentralizar, recuperando competencias como a educación. Velaí que sexa o PSOE o que xoga no campo do PP.

Malo que o PSOE non sexa quen de ar-

tellar unha maioría parlamentaria que desaloxe a un PP enchoupado na corrupción.

Mais tamén que non sexa quen de artellar maiorías lexislativas para derrogar a "lei mordaza" ou reformar fondamente as contrareformas do PP no sistema educativo e no réxime local. Con só 137 deputados o PP goberna como se tivese maioría absoluta.

O tripartito dinástico amosa ideas e procedementos antigos, propios dunha democracia de baixa calidade e dunha sociedade cada vez menos inclusiva. Os problemas non se solucionarán. Perderemos prosperidade e liberdades.



Por: Ramón Coira Luaces

Galicia co BNG e Ana Pontón

Coido que o pobo galego, máis tarde ou máis cedo, saberá recoñecer o esforzo e entrega de Ana Pontón e demais dirixentes e militancia activa do BNG. Non se trata de concordar con todo, trátase de sermos xustos e xustas e de recoñecer que son as mellores defensoras de Galicia e das súas clases populares, sen por iso deixar de apreciar á xente que tamén ten un compromiso sincero con este país, independentemente

da súa clase social ou da súa militancia. Os que mandan sempre codiciaron o que non lles pertence: a nosa inocencia (que se a perdemos hai que procurar recuperar), o noso corazón, a nosa mente, a nosa carteira,... Galicia malvive, sobrevive a duras penas, esmagada en orixe, silenciada. Pensar ao grande non é fácil, hai que asumir riscos, ter atrevimento e ousadía. Vencer o medo, rachar coas cadeas que nos poñen e intentar superarnos.

Porén non falemos só de Galiza ou de Galicia, sermos solidarios implica ocupármolos tamén doutros problemas e outras realidades, mellores ou peores ca

nosa: Cataluña, Pobo saharauí, Palestina, Venezuela, Cuba, Latinoamérica en xeral, África, Europa,...

Todo nos repercute e todo está relacionado. Atrévámonos a ter espírito crítico co pensamento dominante, porque só sendo críticos e practicando a autocritica poderemos mellorar, saír desta profunda crise na que estamos -uns e unhas máis que outr@s- e construímos entre tod@s un mundo mellor, máis libre, máis xusto e solidario.



Vinoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

A CASA da TRICA

a túa casa desde 1927

Cervexas . Embutidos . Tostas . Ensaladas
Hamburguesas . Vegano . Conservas

Praza Maior . Ponteareas

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

Por Guillermo R.

Juan Carlos Piñeiro Docampo, Secretario Xeral de Compromiso X Galicia

“Sen teimas de independencia con forza por unha Europa dos Pobos, iso é a nosa diferenza.”

Juan Carlos Piñeiro Docampo, nado en San Cibrao (Cervo) en 1977, é un sindicalista de UGT e político galego de Compromiso por Galicia.

É técnico en Prevención de riscos laborais e asesor en materia laboral. Foi fundador do colectivo xuvenil “Os farallóns” de San Cibrao do cal foi presidente. Militante do PSdeG-PSOE de Cervo; en 1995 foi elixido Secretario Xeral das Xuventudes Socialistas de Galicia na Comarca da Mariña; membro do comité provincial do PSOE de Lugo; participou na fundación da Iniciativa Estudiantil Galega; elixido concelleiro en Cervo do PSdeG-PSOE e voceiro no Concello. En 2001 foi elixido secretario de organización da UGT Costa Lucense

e no 7º congreso de UGT Costa en 2005 foi elixido secretario Xeral do sindicato, cargo que revalidou en 2009[1].

Abandonou o PSOE logo de aprobar a reforma laboral e a modificación do artigo 135 da Constitución. En 2015 pasou a militar en Compromiso por Galicia, presentándose para a alcaldía nas municipais de 2015 en Burela; en 2016 foi elixido, en primarias, cabeza de lista de CxG ás eleccións autonómicas de 2016 pola provincia de Lugo. En xaneiro de 2017 foi elixido Secretario Xeral de Compromiso X Galicia.

Colabora en medios de comunicación con artigos de opinión e relatos.



Logo do breve pero complicado recorrido de Compromiso X Galicia, cal é o papel que entende debe xogar dentro da política nacionalista galega?

Está claro neste senso, que no ADN de Compromiso está a resistencia, mais coido que non é resistencia por que si, senón que é a certeza de que Compromiso vai ser o proxecto vertebrador da realidade de Galicia e a forza que reclame con efectividade o que é noso. Con unha singularidade, sen teimas de independencia con forza por unha Europa dos Pobos, iso é a nosa diferenza.

Nestes momentos C X G está, aparentemente, desaparecido. Que estratexia entende vde. debe seguir para que poida presentarse diante dos cidadáns cunha mínima credibilidade nunhas próximas eleccións municipais que xa os demais partidos están preparando?

Discrepo en que esteanmos

desaparecidos, estamos mellor que nunca, sumando xente ó proxecto e sumando localidades, podo hoxe asegurara que chegaremos a ter unhas 115 candidaturas. Con referentes cando menos en tres das cidades. Estou convencido que o 2019 vai ser o ano de despegue do necesario proxecto de CxG. A nosa credibilidade demostrase día a día en Lalín e Muros, claro exemplo de avance.

Dende as últimas eleccións C X G ten sufrido diversos episodios pouco edificantes producidos por cargos elixidos que non respectan demasiado a súa orixe de elección. Que medidas ten ou pensa tomar o partido para clarexar sen dúbidas a súa posición ideolóxica diante da sociedade galega?

A posición ideolóxica está clara: Galeguismo e socialdemocracia efectiva, aquela dos valores de calidade de vida. O problema é cando a xente está en política por proxecto persoal.

Iso está superado no Compromiso actual. Convido á xente a que nos siga no día a día, estarán na certeza de que este é un proxecto serio. Non é un soufflé de siglas e persoas como outras formacións.

Cre, de verdade, que esta opción política ten razón de ser, ten espazo social, contando coas diferentes opcións que hoxe se presentan como nacionalistas? En que se diferencia C X G destas opcións hoxe loitando no terreo político e institucional?

Sería un pouco tolo senón o crerá así. Estou convencido de que todos os galegos e galegas senten Galicia como un País, expresións do día a día así o reflicten. Compromiso é a realidade que vai transformar esa fachenda en ferramenta política. A nosa principal diferenza é a meta, nos queremos unha Galicia co máximo autogoberno dentro do Estado e dentro dunha Europa plena, o resto non buscan iso.

Finalmente, diríxase aos cidadáns galegos e preséntelle as liñas estratéxicas do seu partido e que poden esperar do seu traballo político.

O noso traballo político vai ser serio, non estamos en contra nin a favor de outras expresións políticas, queremos unha Galicia con Dignidade e con ca-

pacidades plenas, con todas as competencias. Que poda influír no Estado e en Europa sen depender de Génova, Ferráz ou a Complutense con unha diferenza clara coa forza nacionalista galega que nós non queremos poñer fronteiras e muros, queremos proxectar Galicia sen enfrontar vellos fantasmas.

FUCO PRADO



VIGO

Juan Antonio Cortés novo secretario de CxG en Vigo

O novo secretario local dos galeguista en Vigo comeza unha época onde o obxectivo está en marcar un claro camiño de cara as municipais de 2019.

Juan Antonio Cortés (Pardenda, Crespos, 1976) é profesor de formación vial, ámbito no que desenvolve a súa vida profesional. Marca como obxectivo neste tempo de mandato, conducir a Compromiso por Galicia en Vigo cara unha candidatura fiable e competente de cara ás vindeiras eleccións municipais. Tamén, traslada a ilusión de espallar as bases do partido galeguista por outros concellos da bisbarra e di ter contactos avanzados entre outras localidades en Soutomaior e algunha outra localidade do Val Miñor, onde proximamente poderán constituir novas agrupacións da súa formación, que segue avanzando de cara a aumentar a súa presenza en todo o País logo de constituir recentemente agrupacións na comarca do Ribeiro, en Santa Comba ou na Agolada, por dicir as máis recentes.

“O noso espazo político está no galeguismo e no europeísmo, na política do “sentidiño” e do benestar das nosas xentes”

O novo secretario local da formación galeguista en Vigo

aposta claramente por definir o espazo político de CxG “o noso espazo político está no galeguismo e no europeísmo, na política do “sentidiño” e do benestar das nosas xentes”. Así, incide claramente en que o partido que representa é unha forza política cos pés na terra.

A oposición actual é un tremendo desastre para a cidade, un “nen arre, nen so” para Vigo

No que refire á actual corporación municipal, indica claramente que a oposición actual é un tremendo desastre para a cidade, un “nen arre, nen so” para Vigo, cuns máis pendentes das instrucións que lle diten desde a rua do Hórreo e os outros máis pendentes do que pase nos pasillos da complutense. Do goberno do alcalde Caballero fala en que é un goberno de moi baixo perfil, adicado unicamente ao aplauso e a servir de comitiva dun alcalde que desde logo non escolleu un bo equipo de goberno.

CxG segue a ser a única forza que aposta polo emprendemento de Porto-Cabral.

Sobre a posición favorable do



partido a Porto-Cabral Cortés é totalmente claro: “non podemos enganar á cidade, temos que ser contundentes explicando o noso proxecto en positivo. O investimento; xa sexan dos 700 millóns máis optimistas ou dos 300 millóns máis pesimistas; é algo positivo para a cidade é pode ser a locomotora do sector servizos para a nosa comarca, tan necesitada de revulsivos e investimentos, tanto privados como públicos”. Compromiso por Galicia segue a ser a única forza que apoia responsablemente o emprendemento da zona de ocio e comercial de Liñeiriños, como aposta necesaria para o futuro da comarca.

CxG critica as subvencións e a falta de proxección de Peinador

Non entendemos, di, como pode o Concello de Vigo gastar unha mancha de cartos e non consolidar ningunha das rutas europeas abertas durante a época estival.

Para a formación galeguista as subvencións non parecen ser a solución para un aeroporto que unicamente opera con rutas sen subvencionar nos destinos a Madrid, Barcelona e Lisboa.

“Temos que ver se non sería mellor subvencionar o transporte público aos aeroportos xa máis consolidados como o de Sá Carneiro ou o Rosalía de Castro de Santiago” asegura o político galeguista como aeroportos xa consolidados e subvencionar o transporte público deixando de lado aos localismos ineficientes e dar paso a políticas decooperación transfronteiriza con Portugal. O actual sistema é tremendamente caro e ineficaz para os habitantes da eurorrexión, asegura.

CxG aposta por subvencio-

nar o transporte de paxaseiros por estrada e incluír a facturación directa desde a próxima intermodal deseñada por Maine. Serían atendidas así as reivindicacións históricas das Axencias de viaxes. Segundo os estudos este sistema aforraria tempo aos viaxeiros no proceso de facturación da equipaxe no propio aeroporto e sería un incentivo máis para achegar-se en transporte público terrestre para coller o avión.

Desde Compromiso apuntan que ter un deseño de país competitivo implica deixar atrás localismos sen sentido, que unicamente redundan no malgasto de millóns de euros de cartos públicos e nunha falsa idea de riqueza. Temos a 1 hora de viaxe o que está a converter-se nun dos mellores interconectores da aviación no marco europeo, temos que aproveitar estas sinerxias, destinando os cartos públicos de maneiras eficientes e non “populistas” como desde o goberno de Abel Caballero ou da Xunta están a facer na actualidade.

CxG esixe indicadores de información nos accesos á AP-9

O Secretario local de CxG en Vigo, Daniel Lago, traslada a indignación das persoas afectadas polos reiterados colapsos de tráfico no tramo Vigo-0 Morrazo da autoestrada AP-9 e a inacción da empresa concesionaria, tanto na xestión das incidencias como na negativa a abrir as barreiras de cobro en situacións de retencións de duracións excesivas, levantamento de barreiras que conlevaría aliviar os colapsos e recoñecería a realidade de que a autoestrada non ofreceu o servizo en tempo e forma, incumprindo a prestación pola que deben pagar peaxe os condutores.

O partido galeguista considera que a empresa concesionaria ten o deber de informar aos condutores da situación do tráfico e darlles a opción

de buscar alternativas en caso de colapsos ou retencións.

Polas reiteradas situacións de retencións excesivas e evitar, dentro do posible, que a autoestrada AP-9 sexa unha ratoeira nestes casos a formación Compromiso por Galicia esixe á empresa concesionaria que coloque nas entradas de acceso á autoestrada paneis informativos en tempo real sobre a situación do tráfico, así como avisos dos cortes e retencións nos distintos tramos, para darlle opción aos condutores de buscar outras alternativas e evitar o acceso quedando atrapados por tempo descoñecido.

Compromiso por Galicia trasladará esta petición á Xunta de Galicia e ao Concello de Vigo para que insten a Audasa á colocación destes paneis

CxG pide unha maior visibilidade das paradas de taxi en Vigo

Se ben a última medida do Concello de identificar con moita maior claridade a este transporte público é vista como positiva, desde CxG entenden que esta medida non foi consultada suficientemente co sector seguindo o camiño da unilateralidade ao que xa nos ten acostumado o actual alcalde que non apostou pola axuda financeira ao sector quen tivo que asumir integramente o gasto.

O taxi ten que revisar necesariamente a situación laboral de moitos dos “chofers” contratados e que en moitos dos casos cumpren xornadas maratonianas, sendo isto un factor determinantes na siniestrabilidade co perigo

para a seguridade vial que isto pode significar. Anota tamén, a necesidade de reformular desde o concello as históricas demandas do sector como son as tarifas planas e as viaxes compartidas.

A implatación de empresas privadas como Uber, na cidade reiniciarían na inseguridade no transporte público, xa que este servizo non se afronta á actual regulamentación que controla e vixia tanto o estado do vehículo como o da propia persoa que realiza o servizo.

A proposta de C x G pasa por regular o número de licenzas municipais e a súa transmisión, para mellorar as condicións dun sector que leva anos sufrindo a crise

económica, con rebaixas importantes nos seus ingresos e aumentos continuos nos seus gastos.

Desde CxG Vigo, apostan por unha regulación mellor e máis clara sobre as licenzas municipais existentes, unha maior visibilización das paradas de taxi, algunhas agochadas en recunchos da cidade e non suficientemente á vista.

A forza galeguista entende ao taxi como un servizo público necesario para a cidade e que precisa apoio do concello e da Xunta; nalguns casos, o principal medio de transporte, onde as liñas de Vitrasa, que custan 12 millóns de euros aos vigueses e viguesas cada ano, non chegan nen cubren todos os horarios.

PONTEAREAS

Voltea programa as accións de recuperación dos solos afectados polos incendios

Precisaránse novos voluntarios que se poden anotar no mail voluntariado@ponteareas.gal ou no teléfono 687 764 516

A agrupación de voluntariado medioambiental de Ponteareas continúa coa súa colaboración na recuperación do solo afectado polos incendios. A agrupación Voltea realiza reunións coas Comunidades de Montes para a avaliación dos danos e plantexamento das accións axeitadas para recuperar cada zona con medidas específicas.

Rosa Covelo, bióloga coordinadora do voluntariado de Ponteareas, é a encargada de visitar as zonas e organizar os grupos de

voluntarios que nas fins de semana tentan tapar as feridas causadas polo lume.

A día de hoxe pódese falar de arredor de 2500 hectáreas de solo queimado, mil de particulares e 1500 de comunidades de montes.

Voltea ten previsto xa o calendario de accións con voluntarios para os vindeiros días. O sábado 18 de novembro actuarase no Castro de Troña, coa Comunidade de Montes de Pías, o sábado 25 de novembro na Picaraña na zona da Comunidade de Montes de

Ponteareas, o sábado 2 de decembro actuarase en San Mateo tamén coa Comunidade de Montes. En San Mateo como o monte xa ten un munching natural (follas das árbores caídas que cubren o solo) non é preciso espallar palla así que se procederá á limpeza de lixo nunha zona queimada na que hai resto de escombros. O sábado 9 de decembro ás 18 horas haberá unha charla na Casa Cultural de Bugarín sobre voluntariado, o domingo 10 de decembro actuarase na zona da Picaraña na parte que é da Comunidade de Montes de Bugarín e o sábado 16 de decembro na zona de Angoares-Cabalón para o que tamén se precisarán voluntarios.

O Concello limpa e desbroza nos terreos do cámping da Freixa

O Concello de Ponteareas plantará en fincas municipais especies vexetais para as alfombras florais

Da man da Asociación de Alfombristas Corpus Christi de Ponteareas determinarán os lugares e especies a cultivar

O Concello de Ponteareas comezou as labores de limpeza dos terreos do cámping cun equipo da Concellería de Medio Ambiente que traballará ao longo destas días no desbroce, inicio das primeiras talas de especies invasoras, limpeza e despeixe dos accesos.

Con estes traballos o goberno de Ponteareas dá os primeiros pasos para a recuperación duns terreos de gran valor paisaxístico, turístico e natural coa intención de darlle uso e polos á disposición da cidadanía o antes posible.

Unha vez limpo, o Goberno de Ponteareas estudará estes máis de catroce mil metros cadrados para planificar a súa rehabilitación e uso.

Ademais, o concello de Ponteareas comeza a preparar distintas fincas e terreos municipais para a plantación de especies vexetais necesarias para a confección das alfombras florais do Corpus de Ponteareas.

Trala reunión de presentación mantida entre o Alcalde de Pon-

teareas, Xosé Repreese e a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas, empregados municipais comezaron xa a desbrozar algunhas das fincas municipais para estudar en colaboración coa asociación a plantación de determinadas especies tanto de arbustos como de flores axeitadas para os deseños das alfombras florais.

Hortensia, rosais arbustivos, uceira, mirtos, buxo, entre outras, son algunhas das especies suxeridas polos alfombristas para empregar nas alfombras florais de Corpus.

A recolección de flores e materias verdes é un dos traballos máis laboriosos para os alfombristas. Ata agora, algúns dos materiais xa eran facilitados polo Concello que os recolectaba e repartía polos portais de alfombristas. Agora, o goberno de Ponteareas quere dar un paso máis e da man dos alfombristas estudar a plantación en fincas e parques municipais para que ademais de engalanar a vila con flores poidan ser logo a materia

prima dos tramos alfombrados.

As propiedades municipais no entorno da Freixa, o parque das Pombas, as beiras do regato da Venda ou o parque de San Roque son algunhas das zonas que están a ser estudadas para a plantación destas especies florais e arbustivas.

Club Ciclista Ponteareas na Copa de España



O primeiro fin de semana de novembro o Club Ciclista Ponteareas participou na Copa de España de Ciclocros en Karrantza, País Vasco, unha proba de carácter internacional.

O cadete Miguel Rodríguez logrou nunha proba que estivo moi dura debido a climatoloxía e con varias caídas o noveno posto de case un cento de corredores da súa categoría.

O xuvenil Adrián Giraldez fixo unha boa carreira despois de saír dende o último posto da súa categoría.

O Club fixo un gran esforzo persoal e económico, facendo parte da súa directiva encabezada polo seu presidente Matcos Porto, un traxecto de 1500 kilo-

metros para que estes corredores cunha gran proxección deportiva tiveran a súa oportunidade.

Este Club ten claro que farán todo o posible para que este club siga no mais alto e con proxección de futuro a pesar de non contar co apoio do Concello de Ponteareas.

Este Club non perden a esperanza de que o Concello recapacite e axude a esta escola na que non deixan de chegar nenos para iniciarse no ciclismo.

Tamén un gran corredor do Club, Borja Gómez fixo unha gran carreira desplazándose cos seus propios medios xunto con sei pai Calis, a carreira de ciclocross de Torrejón de Ardoz en Madrid, onde foi recibido con gran ánimo e pasión.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas anfitriona da entrega dos V Premios BIOGA

O auditorio municipal de Ponteareas aco- lleu a entrega dos V Premios Bioga “Mellor Idea Empresarial Bio” e “Empresa Biotech máis Competitiva de Galicia”. O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a Presidenta do Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida, Carmen Pampín, foron os encargados da clausura dos premios aos que asistiu o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, que entregou uns premios que recoñecen o traballo dos pioneiros no sector e promoven o talento bio”. Ao acto tamén asistiron a Tenente de Alcalde, Chus Garrote, e a Concelleira de Igualdade, Verónica Carrera, ademais de empresarios do sector.

Quince candidaturas de empresas Biotech galegas (sete) e ideas empresariais biotecnolóxicas (oito) optaron este ano aos V Premios Bioga, convocados polo Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para incentivar o impulso e o desenvolvemento de iniciativas empresariais vinculadas á biotecnoloxía e galardonar ás empresas máis competitivas do sector.

A empresa ponteareá Ecocelta, foi a gañadora do premio á Empresa máis Competitiva na pasada edición. Os V Premios Bioga, apoiados tamén pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), son os únicos premios de Galicia de recoñecemento á consolidación empresarial e ao talento no sector bio.

A primeira modalidade está destinada



a firmas con traxectoria empresarial xa consolidada e con logros biotecnolóxicos. Sete compañías presentaron a súa candidatura: Sunrock Biopharma, Pharmamodelling, Laboratorios Cifga, Nanoimmunotech, Betanzos HB, Health in Code e Md Use que resultou a gañadora nesta edición.

Na modalidade de Mellor Ideal Empresarial Biotech teñen cabida proxectos innovadores ou empresas de recente creación que apostan por revolucionarios produtos ou servizos e con visión de futuro, preséntanse oito proxectos: BiopranaWorld, Sense(x), Eicpar, Food tag, La Espiral Verde, LinCbiotech, Tastelab e Mycogalicia.

O xurado dos premios estivo formado por membros da Xunta directiva de Bioga, representantes da Universidade de Santiago de Compostela (USC), da Axencia Galega de Innovación, de Acis e os gañadores de 2016 (Ecocelta e Plataforma Tecnolóxica de Vacunas Bacterianas).

Visita do sector Biotecnolóxico á planta de Ecocelta

O pasado venres día 10 de novembro co gallo da celebración dos V Premios Bioga, Cluster Biotecnolóxico Galego, a planta de Ecocelta Galicia, en Pías, Ponteareas, foi lugar de encontro para representantes do sector Biotecnolóxico galego. Esta visita encastrouse dentro da planificación dos premios que se organizaron da propia man de Ecocelta, responsabilidade delegada hai un ano cando resultou gañadora dos Premios Bioga 2016.

Na visita, os participantes tiveron a posibilidade de comprobar de primeira man cómo é o día a día desta pequena empresa galega. Dende a entrada de materias primas como as algas e restos orgánicos de comedor, pasando pola criba do material xa compostado e a saída de produto final xa envasado e listo para ser entregado aos clientes. Os asistentes mostráronse impresionados coas instalacións ao admitir que pensaban que estas serían dun tamaño máis reducido e menos mecanizado. Pola contra, na planta poideron observar cómo en Eco-

celta se traballa a destallo con Maquinaria tipo palas cargadoras, un gran tromel de cribado, máquina envasadora de alta rendemento, etc.

Por outra banda e, se cadra máis importante, os visitantes poideron observar como en Ecocelta o I+D+i está completamente integrado dentro da produción, sendo ambas actividades 100% compatibles e dependentes a una da outra. Esta tarefa xa foi acuñada polos membros do equipo coa palabra “I+D+Todo”. O equipo técnico de Ecocelta engloba na actualidade o 50% da plantilla e leva a cabo distintos proxectos de I+D+i de bioxestión de residuos orgánicos galegos, ademais dunha moi importante tarefa comercial que levan desenvolvendo dende hai un ano.

Ao final da visita moitos dos asistentes dixeran marchar coa sensación de que Ecocelta non só é una empresa de Xestión de Resíduos, senon que no ambiente, ademais de certo arrecendo a compost, se respira profesionalidade e compañeirismo.



www.novasdoeixoatlántico.com

Berminelli
Complementos Artículos de ceremonia y fiesta
Tallas de 34 a 58 Buscanos en facebook: berminelli
Plaza Mayor, 28 (al lado Tapería Túnel)
Telf.: 986 660 997
PONTEAREAS

Catalana Occidente Seguros
Cruz Gómez Zúñiga
Agente de Seguros Exclusiva
nº reg. C046835547090S
cruz.gomez@agentes.catalanaoccidente.com
Castiñeira, 24 Bajo
36860 Ponteareas - Pontevedra
T 986 641 528 - M 677 977 376 - F 986 641 528

Café - Bar
PIKAS
Avda. Castela, 24 Bajo - PONTEAREAS

PONTEAREAS

Roberto Tato, consegue o primeiro posto nos Premios Extraordinarios de ESO

Estudante do CPR "La Inmaculada" (Ponteareas), obtivo un 9,82 de media en 4º de ESO.

Así explica como logrou ser premiado:

«Son Roberto Tato Lage, teño 16 anos e vivo en Fontenla (Ponteareas). Estudei ata 4º da ESO no CPR "La Inmaculada"; agora curso 1º de bacharelato no IES do Barral (Ponteareas)

A miña materia favorita son as matemáticas, sempre me gustaron e tiven boas profesoras desa materia que foron decisivas. Tamén me gustan a bioloxía e a historia. Soño con poder aplicar, no futuro, as matemáticas á bioloxía e mesmo á historia; sería fantástico. Tamén me gusta a docencia, de feito practico explicándolle ao meu irmán Diego, e mesmo na miña clase, cando algún compañeiro non entende algo.

Gústame moito a música. Levo nove anos no Conservatorio de Ponteareas, estudando piano, que me apaixoa. Gústame cantar; descubríno non curso de dirección coral; desde entón canto no coro "Obradoiro Vocal a Vila" de Ponteareas. Outras afeccións son

a lectura (encántame Harry Potter), o cine e todo o relacionado con Inglaterra, influíndo isto último en que me guste tanto o pop inglés.

Recentemente asistín ao Premio Extraordinario de Educación Secundaria Obrigatoria. A condición era ter rematado 4º da ESO cunha nota de 9 ou superior. Eramos máis de 400 alumnos de toda Galicia. Para empezar dábanche tres exames (lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e inglés) para facer en 2 horas; media hora de descanso e continuaba a proba; dúas horas máis para matemáticas, historia e unha optativa (no meu caso elixín bioloxía). Penso que a clave estivo en saber organizar o tempo. Podías repartir as dúas horas como quixeses entre os tres exames; tiñas certa liberdade para elixir a orde e o tempo para cada exame.

Os exames eran moi completos e complexos. Abarcaban contidos estudados no ensino secundario, pero había preguntas feitas con picardía, para buscar o erro. Claro que se foran probas sinxelas as notas serían moi iguais. Como anécdota, en matemáticas había un exercicio de trigonometría moi parecido a un que fixera durante 4º de ESO, polo que pronto me din conta do detalle importante. A proba de historia foi unha das máis longas; preguntaron sobre toda a Historia, en especial a Contemporánea; así como un comentario de varios textos históricos.

En literatura, tanto castelá como galega, dábanlle moito valor ao comentario crítico expoñendo as túas propias ideas. O exame de lingua galega consistiu na lectura de catro textos breves e debíamos identificar o autor e en que nos baseabamos para iso, segundo as súas características literarias.

A verdade é que non tivera demasiado tempo a preparar estes exames porque obtiven unha bolsa de estudos nun Cam-



pus Científico na Universidade de Cádiz, sobre oceanografía; aprobei o exámen teórico de coche e de moto, coa proba de circuito para motos. Sabía que os contidos de cuarto da ESO tiñaos ben asimilados, o que me tranquilizaba bastante. Foi importante aproveitar ter estudado para entender ben as cousas, non só para memorizalas.

Comprobar que estaba entre os vinte seleccionados foi unha alegría moi grande. Agora espero a proba a nivel estatal para competir con estudantes doutras comunidades e deixa alto o pavillón galego.

Aberta a preinscrición para o Campus-Tea de Nadal

A concellería de Ensino, que dirixe Cristina Fernández, abre o prazo de preinscrición para o Campus-Tea tempada de Nadal, unha oferta formativa que ten como obxectivo facer posible a conciliación familiar coa laboral.

O Campus-Tea está dirixido a nenos e nenas das etapas de educación infantil e primaria e desenvolverase nas instalacións do CEIP Fermín Bouza Brey os días laborais entre o 22 de decembro e o 5 de Xaneiro de 2018, ambos incluídos, en horario será de 09:00 a 14:00 horas e o custo de 15€ por participante.

O prazo de inscrición será do 15 ao 30 de novembro. A listaxe definitiva publicarase o día 11 de decembro no taboleiro do Concello e na páxina web.

O Campus-Tea combina o xogo con actividades creativas coa finalidade de coñecer o entorno próximo dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables. Coñecerán tradicións como o apalpador e celebrará tamén unha festa de fin de ano o día 29 de decembro.

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

ORTOPEDIA MABER

Telf.: 986 182 738

Rúa de Oriente, n.º 11 baixo - 36860 PONTEAREAS
ortopediamaber@gmail.com

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf.: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA 986 61 43 61

REPSOL

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES

ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/. Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS Tif. 886 21 64 73
glittercb2016@gmail.com

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO, S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Polig. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

Ponte... nas Ondas! do Mar de Vigo

Retransmitindo o Vindel

Alumnos galegos e portugueses realizarán o programa “radiovisual” **RETRANSMITINDO O VINDEL** con motivo do **DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO** e da presenza en Vigo do pergamiño de Martín Códax.

Ponte...nas ondas! retransmitirá a través do portal Web www.escolasnasondas.com o 16 de novembro a partir das 11.00 hs. un magazine audiovisual con persoas convidadas que abordarán diferentes aspectos das cantigas de amigo e do pergamiño Vindel.

A presenza do pergamiño Vindel en Vigo serve de argumento para transmitir aos centros educativos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal a importancia que a tradición oral galego-portuguesa tivo na construción da

méne, do grupo Pertenza, artífice da traída do manuscrito a Vigo, que responderá ás preguntas sobre o proceso de xestación do traslado desde a Morgan Library de Nova York.

A profesora da Universidade de Vigo, Camiño Noia, especialista en literatura oral e investigadora sobre a tradición oral galego-portuguesa, transmitirá a importancia das cantigas de amigo como mostras dunha tradición oral na Idade Media que en boa parte eran cantos de mulleres nos que os xogares e trobadores se inspiraron.

Martín Códax en 55 idiomas

O profesor Xosé Henrique Costas presentará neste programa o proxecto para darlle voz ás cantigas de Martín Códax en 55 idiomas. Emitiránse algunhas destas gravacións e explicaráse o seu desenvolvemento que conta con colaboradores e tradutores en diversas universidades de todo o mundo.

Primordiais

O dúo Primordiais formado por Luís Martínez (luthier de instrumentos de corda e arpista) e Marcelo do Bode (intérprete e recompilador da música tradicional) porá música en directo a algunha das cantigas de Martín Códax e a outras da tradición oral galego-portuguesa. Ademais serán entrevistados polo alumnado sobre a importancia da música na transmisión da literatura oral.

Audiovisual

Emitiránse gravacións en vídeo dalgunha das 7 cantigas do pergamiño Vindel, como a realizada polo músico



brasileiro Chico Buarque coa cantiga nº 5 (Quantas sabedes amar amigo) para o ballet Sem Mim de Belo Horizonte en

Minas Gerais ou a versión da cantiga 6 (E no sagrado em Vigo) do Ensemble checo RNH.



cultura galega e portuguesa. As cantigas de amigo constitúen a expresión autóctona da literatura oral que chegou até os nosos días a través dos cancioneros medievais e de pergamiños como o Sharrer ou o Vindel.

O “radiovisual do Vindel

O programa “radiovisual” contará con convidados como o director do Museo do Mar de Galicia, Vicente Caramés que será interrogado sobre a importancia da presenza do pergamiño Vindel no museo.

Tamén será entrevistado Cipriano Ji-



A Xunta impulsará a cualificación de mozos menores de 30 anos en Crecente e A Cañiza a través da nova iniciativa Formación á porta

A Xunta mellorará a cualificación de mozos e mozas menores de 30 anos dos concellos de Crecente e A Cañiza, no Condado-A Paradanta, a través do programa Formación á Porta.

Deste xeito, segundo avanzou o delegado territorial, na provincia de Pontevedra, a través do programa Formación á Porta formaranse 90 alumnos a través de 6 cursos, de quince alumnos cada un, que se impartirán en catro concellos, entre eles Crecente e A Cañiza, que non contan con centro homologados para impartilos.

Cores Tourís explicou que a Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de resolver as axudas desta iniciativa, que forma parte do Sistema de Garantía Xuve-

nil, e que se enmarca no plan pioneiro de formación para desempregados específico para menores de 30 anos que conta cun orzamento para toda Galicia de 4,3 millóns de euros para beneficiar a 1.440 mozos e mozas, que suporá a posta en marcha na provincia de Pontevedra de 29 cursos cun total de 435 alumnos beneficiarios. Con este plan activarase, polo tanto, por primeira vez en Galicia a formación á porta, unha medida que forma parte do Plan de formación e emprendemento no rural co que a Xunta busca fixar poboación nas zonas menos poboadas de Galicia e aumentar as oportunidades laborais dos seus habitantes.

A finalidade do Goberno galego é acer-

car a formación ao territorio, crear emprego estable e fixar poboación no rural. Os alumnos e alumnas recibirán, ao rematar o curso, un certificado de profesionalidade con validez en toda España. As accións formativas centraranse en actividades con maiores índices de inserción laboral e o uso de novas tecnoloxías, axustándose ás necesidades do tecido empresarial de cada zona.

As axudas van dirixidas aos centros formativos acreditados e/ou inscritos pola Xunta para ofrecer formación profesional para o emprego, xa sexan empresas, entidades sen ánimo de lucro e concellos.

A convocatoria ten un carácter bianual para favorecer a realización de cursos máis



complexos e cun maior período de duración. Polo tanto, a cualificación será máis completa e ofrecerá, deste xeito, maiores oportunidades laborais e máis capacitación aos participantes.

Arbo adxudica as obras de infraestructuras en Teimende

O Concello de Arbo asina un Convenio coa entidade pública empresarial Augas de Galicia para a reparación na rede de saneamento e rehabilitación de infraestructuras en Teimende.

O Concello de Arbo e a Entidade pública empresarial Augas de Galicia, asinaron un convenio de Colaboración con data 19.10.17, polo que se concede a esta entidade unha subvención de 69.621,42€, importe que subvenciona a obra de Reparación na rede de saneamento e rehabilitación de infraestructuras en Teimende – Arbo

As causas das chuvias torrenciais no Concello e filtracións na mesma estrada e beirarrua, atopámonos con infraestructuras municipais danadas a causa das inundacións, como ocorre en Teimende. A consecuencia deste

temporal, son varias as obras que o Concello acometeu dende esa época, grazas a colaboración da Xunta..

Unha vez que o concello ten as autorizacións sectoriais correspondente para poder facer a obra, o Concello de Arbo acaba de adxudicar a obra por un importe de 69.621,42 €.- que será financiada o 100% co importe subvencionado por Augas de Galicia.

Según manifesta o alcalde do Concello de Arbo, a obra, realízase na súa totalidade dentro do dominio público da propia vía, e espérase un impacto notable aos efectos sobre o paisaxe e na calidade do servizo de saneamento, así como unha mellora na imaxe do casco urbano tendo en conta que e unha Rúa de Acceso o Casco urbano do Concello.



ARBO

ANDAINA SOLIDARIA

Para axuda dos nosos veciños das NEVES que perderon a súa vivenda

DOMINGO 19 DE NOVEMBRO
9:30 h saída dende a praza do concello

2 percorridos: 15 km dificultade media .
outro de 2 km para os mais pequenos.
CUOTA: 5€ e “a voluntad” que serán abonados na súa totalidade a os veciños que perderon a súas vivendas

Mais información Anxo 625 48 81 47

Organiza :

mais monte

Asociación Cultural
 Barca de Loimil - Arbo

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Quinta do Piñeiro organizou unha esfollada e un magosto no Muiño da Ponte

A Asociación Quinta do Piñeiro, coa colaboración do Concello de Salvaterra de Miño e da Deputación de Pontevedra, celebrou unha esfollada e un magosto popular o pasado 11 de novembro na área recreativa do Muiño da Ponte da Parroquia de Corzáns (Salvate-

rra de Miño). Obradoiros de xogos tradicionais para os máis pequenos, cuxa temática xiraba arredor dos traballos da colleita a cargo do grupo de animación Barafunda. Os asistentes tiveron a oportunidade de degustar de balde, castañas asadas e peros ao viño. O

público tamén puido adquirir chouripans a prezos populares mentres disfrutaba dunha noite animada por Dj David e o grupo folk punk MILLO. A organización convida aos veciños e amigos para a vindeira esfollada e magosto de 2018.



Campaña de promoción da compostaxe

O Concello de Salvaterra de Miño inicia unha terceira campaña de promoción do programa "Fabrica e utiliza o teu compost". Un programa cofinanciado pola Sociedade Galega do Medio Ambiente SOGAMA e no que colabora o Concello, e que ten o fin de axudar a reducir a produción de lixo.

Debido a gran acollida das campañas anteriores o Concello puxo en marcha esta terceira, hai que ter en conta que o esforzo de todos e todas suma, con iniciativas e programas como este o que

se busca é por un lado a concienciación cidadá, a participación e sobre todo a implicación, xa que a hora de reciclar todos temos moito que aportar.

Se queres participar no programa so tes que anotarte e cumprir un requisito, ter unha vivenda unifamiliar con horta ou xardín para poder acceder ao teu composteiro.

Ademais dende o Concello recordan tamén que están a espera da execución do proxecto técnico provincial para a instalación da compostaxe comunitaria no municipio.

XUNTA DE GALICIA CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO SOGAMA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

Axúdanos a reducir a produción de lixo

Fabrica e utiliza o teu compost

www.sogama.es

produto ecoloxico froito do compost

Queres participar no programa "Fabrica e utiliza o teu compost"!!!!

Buscamos **voluntarios** para formar parte deste proxecto.

Requisitos: **ter unha vivenda unifamiliar con horta ou xardín.**

INSCRIPCIÓN NO CONCELLO (por orden de rexistro), para máis información 986 658 082

O remendón CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61 Salvaterra de Miño

637 764 865

www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Peixes do Río, Chocos a Franta, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968

Tel. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍQUEZ

Rúa Argentina, 11-Salceda de Caselas

886 115 548

Rúa Galicia, 5-Salaterra de Miño

986 658 529

WhatsApp: 645 316 524

pinturasfernandomiquez@hotm.com

vivamoscomogalegos.com

GLOBAL MUIÑEIRA

*“Todo galego debería de saber
polo menos cinco pasos de muiñeira.”
Sé teimudo!*

Vivamos como galegos!

GADIS

#SéTeimudo

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra Contra a Violencia de Xénero



Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño entregará os premios do Concurso de Slogans Contra a Violencia de Xénero, que organiza en colaboración co IES, e no que participan mais de 200 nenos e nenas. Deste concurso sairá o slogan gañador co que se elaborará marcadores de páxina e co se fará unha campaña de concienciación, enfocada en gran medida a poboación máis nova do municipio e co que se busca mellorar a convivencia en sociedade transmitindo valores como a igualdade, a tolerancia, a non violencia e desmitificando estereotipos, aspectos todos eles que adoitan atoparse na

base da violencia machista.

Ademais este ano o municipio adheriuse a campaña "En negro contra a violencia" para intentar visibilizar aínda máis esta repulsa e dar tamén a opción a todos/as os/as que queiran a que se sumen, poñendo carteis nos comercios, vestindo os escaparates en negro, pondo panos negros nos balcóns..., en xeral mostrando a súa repulsa a estes actos.

Co lema do ano pasado, a "Liberdade non ten propiedade" elaborouse tamén este ano unhas pulseiras que simbolizan o rechazo a esta lacra social e que serán repartidas o día 24 de novembro, día escollido polo

Concello para facer entrega destes premios, entre todas/os as/os asistentes aos diversos actos en conmemoración do día contra a Violencia de Xénero. Actos que comezarán ás 12.00h no salón de Plenos onde se fará entrega dos premios, a continuación gardarase un minuto de silencio na Praza do Concello que se romperá coa actuación dos nenos e nenas do IES que cantarán dous temas para visibilizar a problemática da violencia e da discriminación por motivos de xénero, ao tempo que o grupo de teatro do IES de Salvaterra fará unha lectura e interpretación de textos poéticos.

O Concello reparte comida para o gando tralos incendios

Debido a situación xerada polos incendios que tiveron lugar o pasado mes de outubro, onde moitos propietarios se quedaron sen comida para o seu gando, debido a queima da que estaba almacenada nos cubertos e ao deterioro das fincas

destinadas para tal uso, polo cal o Concello de Salvaterra de Miño informa que todos aqueles propietarios e propietarias que por este motivo non teñan comida para o seu gando se poñan en contacto no 986 658 082 para o reparto de alpacas ou outra comida.

Curso sobre xogos e xoguetes tradicionais

Dentro do programa Tecendo Lazos da Deputación de Pontevedra, o Concello de Salvaterra de Miño organiza o curso de 16 horas de duración "Xogos e xoguetes tradicionais: xogando en familia".

O curso terá lugar do 26 ao 29 de decembro na Casa de Cultura de Salvaterra de Miño e o prazo de inscrición remata o 14 de decembro.

Poderán inscribirse persoas a partir de 10 anos, aínda que os menores de 13 deben ir acompañados e os menores de 17 achegar consentimento de titor. As prazas asignaranse por arode de inscrición e terán preferencia aquelas que formen parte da mesma familia, se anoten xuntas e pertencen a diferentes xeracións.

Aumento de velocidade na WiFi Municipal

O Concello de Salvaterra informa a os seus usuarios e usuarias que dende fai uns días poden navegar a través da rede municipal de wifi a máis velocidade, esta iniciativa enmárcase dentro da mellora das instalacións e aumento da propia cobertura da rede que se está realizando actualmente.

Este servizo gratuíto implantado en moitos poucos Concellos de Galicia, e no cal apostou Salvaterra, co fin de acercar as novas tecnoloxías e o seu acceso a todos os seus veciños, está en constante actualización.



Participación veciñal no deseño das prazas de Barcia de Mera, Maceira e A Ermida

O Concello de Covelo inicia un proceso de participación veciñal mediante o cal se poderán facer achegas, suxestións e propostas de actuación en diferentes proxectos de acondicionamento de espazos públicos e lugares representativos do Concello.


A través da sección de Participación "Covelo falo ti" da páxina web do Concello, poderanse consultar os anteprojectos das obras de acondicionamento das prazas

de Maceira, Barcia de Mera e A Ermida de forma que calquera veciño poderá achegar as súas ideas no que se refire á definición de usos alternativos dos espazos, materiais de execución, cores, ordenación de mobiliario urbano ou calquera outra suxestión.

Mediante este proceso de participación, dende o Concello preténdese facer partícipes aos veciños nos procesos de renovación dos espazos públicos que son utilizados por todos, fomen-

tando un urbanismo participativo, sustentable e integrador que favoreza o uso para as persoas.

As actuacións propostas contemplan a combinación de materiais nobres como pedra e madeira con outros máis modernos como aceiros ou cementos puídos, coloreados, a plantación de árbores, colocación de xardineiras e xogos para nenos, ocultación de colectores e a renovación do mobiliario urbano nunha concepción dos espazos



Acondicionamento de la plaza del antiguo taller de moción en Maceira

máis orientada á integración, á mellora da accesibilidade e ao uso peonil de nenos e maiores.

Unha vez definidos e acordados os proxectos cos veciños, o

Concello comprométese a incluílos nos futuros orzamentos de obras e a buscar financiamento ante outras administracións para facelos realidade.

Un mes despois do lume... temos futuro

INAUGURACIÓN BIBLIOTECA

UN ESPAZO ACTIVO DE LECTURA, CREACIÓN E PARTICIPACIÓN

..... As Neves

Domingo 19 de Novembro ás 12.30h.

As Neves DEPUTACIÓN PONTVEDRA PATRIMONIO

Raid do Condado Marqués de Vizhoja

Bodegas Marqués de Vizhoja Desde 1968

LIGA ESPAÑOLA DE RAID DE AVENTURA

+ de 160 km de carrera en 20 horas

SALVATERRA - A CAÑIZA - AS NEVES - ARBO - 18 y 19 de Noviembre 2017

www.cornelios.es www.marquesdevizhoja.com

Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
 Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.

Aridos e Formigóns

LOURIÑA

O PORRIÑO

Carmela Silva inaugura as melloras do Campo de Fútbol do Carballo, en Atios

A presidenta da Deputación, acompañada polo deputado de Cooperación, David Regades, e pola alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o Concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, asistiu esta mañá á inauguración das novas obras do Campo de Fútbol do Carballo, instalacións empregadas polo U.D. Atios onde habitualmente adestran máis de 250 deportistas de equipos de todas as categorías.

No acto, Carmela Silva subliñou a importancia destas obras sinalando que “demostran o noso compromiso total e absoluto co deporte, porque constrúe sociedades mellores onde nenas e nenos

aprenden moitos valores e porque neste século o deporte xa converteuse nunha revolución social. Con estas obras pasamos dun campo que estaba en condicións deplorables a un espazo moi digno para nenos e nenas, porque aquí hai nenas e ten que haber moitas máis xa que nós apostamos por equipos mixtos”, dixo a presidenta, que agradeceu ao Concello do Porriño esta aposta “unha decisión máis que adecuada e que a mi como presidenta me fai moi feliz”

Eva García de la Torre, agradeceu á presidenta da Deputación “a empatía coa que recibe este tipo de solicitudes. Estamos a falar dunha infraestrutura deportiva que



era imprescindible mellorar e con fondos propios do Concello sería moi difícil. Era un campo que non so estaba en condicións espantosas, senón que ademais causaba lesións aos rapaces e ás rapazas que xogaban aquí. É unha obra fantástica e unha inversión moi importante”, sinalou.

As obras da reforma fixéronse ao abeiro do Plan Concellos 2016 e a cos fondos do PICEI cun importe total de máis de 100.000€. Co Plan Concellos levouse a cabo a construción dunha

edificación baixo as gradas existentes para ao equipamento existente de vestiarios, aseos e outros servizos necesarios para o seu normal funcionamento.

Con estas obras, orzamentadas en 70.464,90 euros, dótase a planta baixa de dous vestiarios principais para xogadores de distintos sexos, dous máis para os equipos das escolas de fútbol e outros dous de árbitros. Así como dous almacéns, unha sala de masaxe e oficinas. Os dous vestiarios con maior superficie contan cun aseo adaptado independente.

En canto á obra realizada ao abeiro do PICEI, valorada en 30.221,93€, fíxose unha grada de 40 x 7 m en formigón prefabricado e dotada dunha cuberta curva autoportante de chapa prelacada, catro bancadas de formigón e peche posterior. Tamén executouse unha explanada de aglomerado asfáltico, unha caseta de baños públicos, unha beirarrúa cuberta de acceso a vestiarios.



GALERÍA DE HERNÁNDEZ

O PORRIÑO

FESTA DE SAMAÍN INFANTIL E FESTA DO CALACÚ 2017



O PORRIÑO

Técnicos de Medio Ambiente reuniranse cos veciños o venres polo tema do lindano

A alcaldesa mantivo o mércores día 15 unha xuntanza en Santiago con responsábeis e técnicos da Consellería de Medio Ambiente para coñecer, en primeira persoa, os resultados das análíticas realizadas e as medidas adoptadas polo Goberno de Galicia no Contrasto, logo da aparición de lindano nunha obra de saneamento que se estaba a realizar neste lugar da parroquia de Torneiros.

Como xa fixera o Goberno

local logo de manter unha reunión coa comisión dos veciños o pasado día 8, a alcaldesa reiterou a demanda de que técnicos da Xunta de Galicia, que ten a competencia no tratamento desta filtración, tivesen unha xuntanza con eles e con representantes municipais, e conseguiu que a mesma teña lugar no salón de Plenos do Concello o vindeiro venres, día 17 de novembro, ás 6 da tarde.

García de la Torre subliñou que, "como nos comprometemos

cos veciños, seguiremos transmitíndolles todas as novidades que nos comunique a Xunta de Galicia" en resposta as esixencias de información feitas polo Goberno municipal, principalmente a aqueles residentes no Contrasto que so poden abastecerse por medio de pozo que, como se sinalara o pasado luns nunha convocatoria no Concello, á que asistiron 75 familias da zona, son os que poderían verse máis afectados por posibles filtracións de lindano a auga.

O Porriño, "Concello Doing Business" a proposta dos populares

O pleno do Concello do Porriño aprobou a semana pasada, a instancia do Partido Popular, a adhesión ao convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp "Concellos Doing Business Galicia".

O obxectivo último desta adhesión, según informou o presidente dos populares M. Alejandro Lorenzo, é "fomentar a implantación e fixación de empresas no municipio". A través deste convenio ofreceranse máis incentivos fiscais, simplificación administrativa e facilidades de acceso ao solo empresarial para "incentivar a implantación de empresas no Porriño".

Entre os incentivos están a bonificación de ata o 95% (ata o

95% de bonificación cando se creen máis de 20 postos de traballo; como mínimo o 75% cando sexan entre 11 e 20 empregos; e como mínimo do 50% pola creación de ata 10 empregos) no IBI, IAE e ICIO a aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes, sempre e cando garantan a creación de emprego.

Tampouco esixirán taxa por licenza de obra e apertura en todos os proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes, que conleven a creación de novos postos de traballo e o seu código CNAE corresponda con algunha actividade económica incluída no eido da Indus-

tria 4.0 e a RIS3. Ademais, a concesión das licenzas de obra maior terá un prazo máximo de 30 días naturais desde que o concello dispón de todos os informes. Con respecto ao solo empresarial, fixaranse prezos competitivos establecendo bonificacións e incorporará a súa oferta o dereito de superficie.

Ao ser Concello Doing Business O Porriño beneficiarase das medidas que a Xunta poña en marcha para apoiar o tecido empresarial, é dicir, naquelas axudas autonómicas destinadas a impulsar a industria, o emprego ou o emprendemento e "terá preferencia cando as convocatorias sexan en réxime de concorrencia competitiva".

16 novas vivendas conectadas ao saneamento en Pontellas



Coa apertura dun novo camiño e a conexión de 16 vivendas á rede municipal de saneamento, no barrio de Igrexa, en Pontellas, o Goberno acomete un dos traballos máis importantes do actual mandato.

Como subliña Manuel Carrera, concelleiro de Vías e Obras, "este proxecto non so suporá seguir levando o saneamento a todo O Porriño, senón que fará realidade a apertura dun camiño nunha rúa que ata o dagora non tiña saída favorecendo tanto aos veciños de Pontellas coma aos usuarios do Centro de Día que hai neste barrio".

Para levar adiante esta obra vaise instalar unha tubaxe de máis de medio quilómetro que permitirá levar o saneamento a dezaseis familias. Así mesmo, para a evacuación de augas pluviais, sobre o camiño secundario se colocará unha tubaxe de PVC de máis de 100 metros e 7 sumidoiros.

Para facer posible a existencia

desta nova vía, o Concello comprou unha parcela duns 350 metros cadrados e levantará varios muros de cachotería ao longo de preto de 90 metros lineais.

Toda esta obra faise con cargo ao 'Plan Concellos 2016' da Deputación de Pontevedra e conta cun orzamento total de 99.698,05€.

Manuel Carrera lembra que este proxecto xa estaba orzamentado en 2011, cando él era concelleiro de Vías e Obras, "pero o anterior alcalde non quixo facelo, polo cal agora é unha grande satisfacción poder cumprir o compromiso que adquirira daquela cos veciños".

Cando estea rematada esta primeira parte do traballo o concelleiro de Vías e Obras agarda que xa estea moi adiantada a redacción do proxecto da segunda, que abranguerá a ampliación do novo camiño e a súa pavimentación e que, como esta primeira parte, está previsto que sexa sufragada con fondos da Deputación.



LOURIÑA

O PORRIÑO

O Porriño volve a liderar a creación de emprego na Área Metropolitana

O Porriño liderou en outubro, xunto con Salceda de Caselas, a creación de emprego na Área Metropolitana de Vigo, como xa pasara no mes de setembro. A finais do mes pasado había na vila 1.642 persoas desempregadas, unha realidade inaudita no Porriño dende hai preto dunha década.

Dacordo cos datos publicados este venres polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social e pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta da Galicia, a taxa de desemprego situouse no Porriño no 17,8%, en total 5,3 puntos menos que cando o actual Goberno Local empezara o seu mandato, cando 2.139 porriñeses estaban na procura dun posto de traballo, preto de 500 máis que na actualidade.

En relación co mes de outubro de 2016, o número de veciñas e veciños anotadas coma deman-

dantes na oficina do Servizo Galego de Emprego do Porriño baixou de 1.893 a 1.642, o que supón que hai 251 traballadoras e traballadores máis no concello: en só un ano o paro caeu preto de 3 puntos.

A alcaldesa, Eva García de la Torre subliña que os actuais datos de creación de emprego no Porriño son aínda máis esperanzadores tendo en conta que en xullo de 2015, cando o actual Goberno municipal iniciara a súa xestión, había na vila 18.500 habitantes e hoxe supera os 20.000.

García de la Torre, que fuxe de calquera tipo de confianza, reitera que "a creación de emprego é a nosa primeira preocupación e o eixe esencial da nosa xestión". Neste eido, amósase convencida que as medidas que estamos a impulsar dende a Concellería de Emprego, que dirixe Soledad

Girón, "funcionan" e lembra entre elas o programa 'Porriño Accede', baseado en convenios asinados entre o Concello e empresas da vila, grazas ao cal hai dúcias de veciñas e veciños que volveron ao mercado laboral ou empezaron a traballar.

Do mesmo xeito, tamén están a facilitar o descenso do paro os 'Plans de Emprego', posibles en base a un acordo coa Deputación de Pontevedra e do investimento de máis de 60.000€ de fondos municipais no que vai deste ano.

A alcaldesa sinala, por último, como unha importante contribución á creación de emprego o feito de chegar a entendementos con outras administracións, obtendo axudas e subvencións que tiveron coma destino accións que serviron para incrementar as probabilidades de empregabilidade das veciñas e veciños do Porriño.

Entrega de diplomas na Aula CEMIT



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada pola concelleira de Benestar, Igualdade e Emprego, Soledad Girón, fixo entrega este xoves na Aula da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica, Rede CeMIT, do Porriño, dos diplomas aos alumnos a alumnas que participaron nos talleres programados dende o mes de xuño.

A oferta formativa impartida, foi moi variada; Iniciación á informática (2 edicións), Edición de imaxes

con Gimp, Google APPS, Diseño con Qcad, Crea a tua tenda virtual con OpenCart, Creación de páxinas Web con WordPress, Libre Office Base, Libre Office Calc, Ofimática con Libre Office- CODIX, e Microsoft Office Word.

A aula CeMIT impartiu máis de 220 horas de formación gratuita, da que se beneficiaron 62 veciños e veciñas do Porriño que tiveron, así, a ocasión de mellorar non só os seus coñecementos nestes eidos, senón de mellorar as súas posibilidades de empregabilidade.

Nova campaña de educación vial na escola

A Policía Local do Porriño está a desenvolver os colexios de ensino infantil e de primaria Xosé Fernández López, Atios, Cruz-Budiño, Antonio Palacios, Da Ribeira, Santo Tomás e Hermanos Quiroga, unha campaña de educación vial que chegará a un total de 215 rapazes e rapaces.

Nunha primeira parte teórica, os axentes ensinarán aos estudantes cal é a función da Policía Local, a súa mobilidade coma peóns, o uso da bicicleta, monopatín

e patíns, o transporte de mascotas, o comportamento que deben de gardar coma viaxeiros, o uso do cinto de seguridade, o casco e os sistemas de retención nos vehículos, os sinais de circulación e o 112, o teléfono de Emerxencias.

Nunha segunda parte, que será práctica, as rapazes e rapaces deberán conducir e camiñar por un circuito aplicando o que aprenderon nas clases teóricas. Mesmo haberá un 'carné por puntos' para



impoñer sancións no caso de que non respecten os sinais, non sigan as normas de

tráfico ou non fagan caso das indicacións dos axentes.

**Cafe - Bar
SOEIRAS**

Tel.: 986 601 796

Pontenova 10b-Guillarei 36700 -Tui (Pontevedra)

PULPEIRO

A R E N T E I R O

do Carballiño

636634164

TODOS OS XOVES NA TABERNA TUI

A Taberna Tui

TODOS LOS JUEVES CALLOS E PULPO
A FEIRA PARA COMER O PARA LLEVAR.
TAPAS DE OREJA, ZORZA, ETC...

C/ MARISTAS, 26-TUI TL: 635 612 114

O PORRIÑO

Estudantes alemáns de intercambio

Once estudantes alemáns procedentes da cidade de Oberhausen estiveron dende o pasado día 23 no Porriño nunha viaxe de intercambio incluído no 'Programa Multi', no que participan diferentes socios internacionais co el principal obxectivo de desenrolar actividades conxuntas entre rapazas e rapaces de diferentes culturas.

Hai algo máis dun ano-en agosto de 2016- o mesmo número de alumnos de Ensino Secundario de institutos do Porriño estiveron dúas semanas na cidade alemana- situada en Renania do Norte-Wesfalia, na rexión do Ruhr- acompañados de dous

profesores, para convivir eses quince días con familias alemáns integradas por rapaces da súa mesma idade e un mesmo nivel académico.

Ata o 5 de novembro, estes adolescentes estiveron vivindo con familias de acollida de estudantes do IES Ribeira do Louro, experimentando, como fixeran as rapazas e rapaces porriñeses, unha vida familiar común no noso país.

Estas dúas semanas que as alumnas e alumnos alemáns estiveron no Porriño realizaron unha serie de actividades organizadas pola Concellería de Educación, que dirixe Lourdes Moure, e que

abranguen dende excursións, pasando por talleres, como o realizado na panadería Amaquia, cubrir un treito do Camiño de Santiago, asistencia a clases no IES Ribeira do Louro, participación nos actos do Samaín ou, como este martes, coñecer unha das canteiras e un centro de transformación do granito.

Acompañados pola concelleira de Educación, polo concelleiro de Limpeza, Orlando Márquez, e pola alcaldesa, Eva García de la Torre, os estudantes visitaron a canteira de Blokdegal, na que observaron os procesos de extracción das rochas de granito e, posteriormente, a sede de Gra-



nisa onde os expertos explicáronlles cómo é o tratamento dos distintos tipos deste mineral, dende o seu corte ata o seu almacenamento dependendo das súas características.

Nesta empresa as alumnas e

alumnos alemáns tiveron a oportunidade de ver os paneis que Granisa está a enviar a Barcelona para a súa colocación na catedral da Sagrada Familia, que deberá estar rematada, definitivamente, no ano 2026.

forjados duran s.l.

ISO 9001
BUREAU VERITAS
Certification

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

EMILIO seguros

DECECOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...

telf. información: 609 544 351


LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandetas, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

II Jornadas Internacionais José Saramago

*Saramago nos 300 anos do Convento:
Comunicação, Arte e Política*



4 - 5 de dezembro 2017
Casa das Campás, Pontevedra
Entrada livre

catedrasaramago.webs.uvigo.gal



Universidade de Vigo

Vicerreitoría
do Campus de
Pontevedra

Vicerreitoría de
Investigación
e Transferencia

I Cátedra
Internacional
José Saramago

LOURIÑA

MOS

Formación sobre procedemento en caso de accidente en instalacións públicas

Celebrouse no Salón de Actos da Axencia de Colocación de Mos unha reunión que congregou a todo o persoal do Concello, así como aos concelleiros/as do equipo de goberno e que versou sobre protocolo de actuación a levar a cabo en caso de accidente ou sinistro en instalacións municipais de persoal alleo ao Concello. Ditos edificios públicos locais son tanto a Casa Consistorial e dependencias dos departamentos municipais, como auditorios municipais, pavillóns, biblioteca, piscina, etc.

A charla sobre os parámetros a seguir en caso de aconteceres os devanditos accidentes foi im-



partida por profesionais da empresa aseguradora que ten contrato co Concello de Mos.

Os puntos que se abordaron durante este encontro foron: a chamada a urxencias-061, atención a instrucións médicas, solicitude de traslado en caso de ser necesario (a centro público ou

privado), tramitación da incidencia á empresa, mutua, compañía de seguros, etc., (con testemuños en caso de ser necesario); atención ás pautas marcadas para curación, autorización de probas; determinación da responsabilidade e oferta se procede e conclusións finais.

400 persoas homenaxearon ao cura párroco Don Manuel Álvarez nas súas vodas de ouro

A parroquia de Guizán, coa colaboración das parroquias de Mos e Torroso, organizou este pasado sábado unha comida-homenaxe na honra do cura párroco Don Manuel Álvarez Pérez, que celebra as súas vodas de ouro como sacerdote de Guizán. Homenaxe á que se sumou tamén o Concello de Mos, que estivo representado pola súa alcaldesa, Nidia Arévalo, pola concelleira de Cultura e Turismo, Política Social, Persoal e Réxime Interno, Sara Cebreiro, e a edil mosense natural da parroquia de Guizán,

Julia Loureiro.

A celebración contou coa asistencia de 400 persoas que quixeron estar ao carón do seu sacerdote e amosarlle toda a súa gratitude e afecto por tantos anos de traballo.

A homenaxe a Don Manuel celebrouse o pasado sábado 11 de novembro e os actos desenvolvidos consistiron nunha Misa na Igrexa Parroquial de Santa María de Guizán ás 12.30 horas da mañá, seguida dun xantar de confraternización no Pavillón Óscar Pereiro ás 14.00 horas.

Aberta a inscrición para 'Deporte e Solidariedade'

Está aberto o prazo de inscrición na Iniciativa 'Deporte e Solidariedade', -incluída dentro do programa municipal Activa Xuventude-, que se celebrará no Pavillón Óscar Pereiro o vindeiro 5 de decembro en horario de 22.00 horas a 02.00 horas da madrugada (6 de decembro).

O prazo de inscrición rematará


o día 1 de decembro e o prezo por inscribirse será de un quilo de alimento non perecedoiro (preferiblemente de Nadal) que irá destinado ao banco de alimentos de Mos Axuda para que tódalas familias mosenses, incluídas as máis desfavorecidas, poidan gozar das datas navideñas ao redor da mesa.

A actividade 'Deporte e Solida-

riedade' aunarás actividades de natación, cross training e ki-zomba nocturnas, para que os participantes poidan divertirse, poñerse en forma e axudar ós demais nunha franxa horaria nocturna na que existe unha oferta de lecer pouco variada e á que, con esta iniciativa, ofrécese alternativas diversas e todas moi divertidas e entretidas.



Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

SALCEDA DE CASELAS

A Área Deportiva O Borralliño acolle o sábado o “Campo a través de Soutelo”

Preto de catrocentos nenos e nenas participarán, este vindeiro sábado 18 de novembro, no “Campo a través de Soutelo”, organizado pola Agrupación Deportiva Baixo Miño (Agrudebam) coa colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Salceda de Caselas, enmarcada dentro do programa “Xogade” da Secretaría Xeral para o Deporte.

A proba foi presentada na Casa da Cultura polo alcalde de Salceda, Marcos Besada, acompañado polo presidente de Agrudebam, Alfonso Lorenzo Vila; o xefe do Servizo Provincial de Deportes da Xunta, Daniel Benavides Alonso e a Concelleira de Deportes, Carla Pérez.

As probas disputaranse en diferentes categorías, adaptándose o percorrido á idade e capacidade dos e das participantes. Así ás 10:30 h. tomarán a saída os máis pequenos, encadrados na categoría Benxamín masculino (nados en 2009 e 2010) que disputarán a proba nun circuito de 600 m. e, ás 10:40 horas, será a quenda das



rapaza da categoría Benxamín Feminino, no mesmo circuito.

A categoría Alevín (2007 e 2008) saíran ás 10:55 no grupo das rapazas, cun percorrido de 1.000 m., e ás 11:10 h. os rapaces cunha distancia de 1.200 m.

Esa mesma distancia de 1.200 m. será a que teñan que facer as participantes en Infantil Feminino (nadas en 2005 e 2006) que tomarán a saída ás 11:25 h., mentres que ás 11:40 saírá a proba de infantil masculino nunha distancia de 1.600 m.

Finalmente, a categoría cadete (2003-2004) saíran na categoría feminina ás 12 h. para disputar

unha carreira de 1.600 m., e a cadete masculino tomará a saída ás 12:30 h. para un percorrido de 3.000 m.

Nesta proba “aberta a colexios e clubs dos concellos de O Rosal, Tomiño, Tui e Salceda de Caselas”, tal e como apuntaba o presidente de Agrudebam, poderán participar clubs non circunscritos a esa zona xeográfica “se ben o farán fora de clasificación”.

Toda a información sobre a proba, os circuitos das diferentes categorías e as inscricións, pódese atopar no enderezo web <http://www.agrudebam.es/campo-a-traves/>

A Policía Local de Salceda fórmase contra a Violencia de Xénero

A Concellaría de Igualdade do Concello de Salceda de Caselas organizou unha xornada de formación para o corpo da Policía Local no marco da loita contra a violencia de xénero. Os cinco axentes activos neste momento asistiron á formación organizada no mesmo Concello por medio das axudas da Deputación de Pontevedra destinadas á contribuír na loita contra a violencia de xénero, e que no caso de Salceda de Caselas se destinaron en parte a esta acción formativa.

Polo xeral, a primeira toma de contacto das vítimas de violencia de xénero e o sistema soe producirse mediante o trato directo cos diversos corpos de seguridade cidadá, e no caso do Concello de Salceda mediante o contacto directo, vía denuncia ou intervención, da Policía Local. Nun tema tan delicado resulta de vital importancia que ese primeiro contacto da vítima coa Administración sexa o máis axeitado posible e se consiga por parte da vítima unha sensación

de plena confianza no sistema. En numerosas ocasións o éxito ou o fracaso de tal contacto queda máis en mans da boa vontade e saber facer dos membros dos corpos policiais que dos medios ao seu alcance e formación específica dos seus axentes.

En base a isto dende o Concello de Salceda considérase necesario dotar de formación aos axentes da súa policía local para que podan afrontar situacións deste tipo coas ferramentas e sendo coñecedores da problemática asociada ás vítimas (mulleres e nenos/as afectados por este tipo de delitos), de qué se espera deles neste tipo de actuacións, de como pode afectar-lles psicolóxicamente vivir unha situación deste tipo, etc. Deste xeito poderán sentirse máis seguros no desenvolvemento do seu traballo ante este tipo de casos.

Recentemente a Xunta Local de Seguridade aprobou a solicitude de inclusión de Salceda no programa VIOGEN para a loita contra a violencia de xénero.

A ampliación do Altamira no Parlamento

No mes de setembro, ó igual que anos anteriores, os socialistas de Salceda a través do grupo parlamentario presentaron sendas iniciativas sobre a ampliación do CEP Altamira, a implantación do ensino postobrigatorio en Salceda e o transporte ós institutos máis próximos.

Verónica Tourón e Gela Ledo, asistiron a sesión parlamentaria na que se discutiron as súas propostas, que para as concelleiras “son primordiais e de urxente necesidade”.

“Levamos varios anos presentando preguntas, emendas ós orzamentos e outras iniciativas que nunca tiñan resposta afirmativa, alegrámonos de que a lo menos, este ano non se limitasen a dicirnos que a situación de Salceda tamén a padecían outras localidades, avanzando algo ao ver que están estudando o tema”, concreta a voceira. Se ben a resposta foi que están a traballar na ampliación, “votamos de menos que á pregunta sobre o prazo para a súa execución fose ignorada e non saíramos con

algo máis concreto”.

Por outra banda, quedou patente a falta de coñecemento do concelleiro sobre a situación real da educación en Salceda, “dando datos totalmente erróneos, deixando sen contestar a situación do transporte e quitándolle importancia a necesidade de ter en Salceda a lo menos bacharelato”.

A saída do hemiciclo, as concelleiras reuníronse co voceiro do Parlamento, Xoaquín F. Leiceaga, co portavoz de Educación Luís Álvarez e outros parlamentarios do seu grupo, para seguir traballando e insis-



tindo nesta e noutras iniciativas necesarias para Salceda entre as que as socialistas destacan o novo centro de saúde, saneamento, melloras na PO-511 entre outras.

PANADERÍA PASTELERÍA
Tahona Micaela

Pan artesano · Empanadas
Roscos · Pastelería · Bollería

o seu pan

986 602 083 / 686 007 919

GOLOSO

Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Día n B - TUI Tel: 886 135 477
661 53 56 35

facebook.com/golosotui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Especialistas en Dulces Suecos

AGROVITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Pontareas

BAIXO MIÑO

TUI / TOMIÑO

Tui oferta 16 visitas guiadas temáticas ata finais de ano

Tui oferta 16 visitas guiadas temáticas durante os meses de novembro e decembro, continuando así os percorridos culturais gratuítos que se iniciaron no verán organizados polo Concello de Tui e nos que levan participado máis de 3 mil persoas.

Visitas Culturais nocturnas

Punto de saída: Praza da Inmaculada

Horario: 19.15h

Novembro

- Sábado 11 – A cidade barroca
- Sábado 18 – Arquitectura educativa en Tui
- Domingo 19 – A cidade burguesa do século XIX
- Domingo 26 – As antigas fortificacións románicas.

Decembro

- Venres 1 – Cidade histórica
- Sábado 2 – As murallas medievais
- Domingo 3 – Cidade medieval
- Martes 5 – As rúas gremiais da cidade
- Mércores 6 – O criptoxudaísmo en Tui
- Xoves 7 – Arquitectura carceraria na cidade histórica
- Venres 8 – Comuna xudía medieval
- Sábado 9 – As prazas públicas da cidade histórica
- Domingo 10 – Cidade medieval
- Venres 15 – Cidade histórica
- Sábado 16 – A arte o Nadal en Tui

O Rosal acolle unha Xornada Informativa sobre os organismos de corentena na pataca

O Rosal colabora na xornada informativa sobre os organismos de corentena na pataca que terá lugar o martes día 21 de novembro ás 18:00h no Centro Social Polivalente do Rosal. Non é necesaria inscrición previa.

Esta xornada vai dirixida a mostrar os principais organismos de corentena (ONC) que poden afectar ó cultivo de pataca establecidos na normativa europea, algúns dos cales están xa presentes en algunhas zonas de Galicia e/ou norte de Portugal, e que supoñen unha ameaza para o cultivo da pataca, e nalgún caso tamén para

outros cultivos de solanáceas como pode ser o tomate ou o pemento. Sendo o Rosal unha zona importante de produción horticola, considérase necesario instruír ós produtores sobre os síntomas destes organismos para poder adoptar as medidas de control adecuadas.

Falarán de organismos que atacan a pataca como o Pulguña da pataca (*Epitrix* spp), Couza guatemalteca (*Tecia solanivora*), Pudrición bacteriana (*Clavibacter michiganensis* pv *sepedonicus*), Pudrición parda (*Ralstonia solanacearum*), Nematodos formadores de quistes (*Globodera* spp) ou Viroide do afusado.



O Mercado de San Miguel no Rosal acolle o unha Xornada Gastrovinícola

O vindeiro 19 de novembro a partir das 12 da mañá e ata ás 18.00h, no Mercado de San Miguel, terá lugar unha xornada Gastrovinícola organizada polo Concello do Rosal coa colaboración da Sociedade Recreativa de San Miguel.

Durante todo o día exposición e venda de viños, doces e conservas artesanais e viño doce quente.

Animarán musicalmente a xornada as Pandereteiras Airiños de San Miguel, "Orballo e as 9 alí"

e Vento mareiro.

Á unha do mediodía unha charla coloquio tratará dos viños de autor do Rosal, de unha e media a tres da tarde haberá degustación de tapas variadas: pulpo, navallas e outras e doces artesanais, ás catro un obradoiro "Cociñando castañas" e a partir das cinco da tarde magosto e chocolatada para merendar.

En caso de chuvia, en lugar de no Mercado de San Miguel, celebrarase na Soc. Recreativa de San Miguel.



"A mocidade galega. Importancia da organización", coloquio de Galiza Nova en Tui

No marco da campaña "Rebélate, organízate e loita", Galiza Nova organiza o 17 de Novembro, ás 20:00

na Sala Cemit da Área Panorámica de Tui un coloquio formativo con Xabier Pérez Igrexas, activista sindical e exmilitante de Galiza Nova,

Faladoiros do IEM «Presenza das mulleres»

O Instituto de Estudos Miñoráns comeza un novo ciclo cos faladoiros do IEM.

Dedicado á muller, «Presenza das mulleres», amosa como fío condutor a importancia e participación desta na sociedade.

As xornadas desenvólvense na Aula de Cultura Ponte de Rosas, Avenida da Feira Nº 10 baixo, ás 20:00h.

O programa recolle catro faladoiros en diferentes datas:

Venres 17 de novembro a escritora Eugenia Trigo Aza, "Da motricidade humana ao paradigma vida".

O mércores 22 de novembro a oceanógrafa Adriana Nogueira Gassent, "A bioloxía pesqueira e as biólogas do mar".

O mércores 29 de novembro Chis Oliveira, doutora en filosofía, "Comando da igualdade, a mocidade implicada".

E o mércores 13 de decembro Ana Ulla Miguel, astrofísica, "A astronomía de hoxe que as astrónomas galegas fan".



titulado de "A mocidade galega. Importancia da organización".

Neste acto buscan analizar o porqué da organización da mocidade baixo o ideário nacionalista, e a necesidade de que tomemos parte na luta pola construción de unha Galiza na que a mocidade non se vexa explotada, forzada a emigración e teña posibilidade de encontrar un futuro digno e na terra.

TOMIÑO

O Concello de Tomiño traballa na construción do primeiro pantalán 100% accesible do Miño

O proxecto contempla unha rampla que permita embarcar e desembarcar ás persoas con diversidade funcional polos seus propios medios

Tomiño, 10 de novembro de 2017.- O Concello de Tomiño e a Axencia de Turismo de Galicia veñen de asinar un convenio de colaboración para a construción dun pantalán na zona de Goián que facilite o acceso das persoas con diversidade funcional ao espazo natural do Miño.

Trátase do primeiro pantalán cento por cento accesible que garante a autonomía das persoas con diversidade funcional para embarcar ou desembarcar, xa que todas as infraestruturas deseñadas ata o de agora nos tramos navegables do río soamente son accesibles con mareas medias ou altas, deixando con marea baixa pendentes de ata o 45%.

Cun orzamento de 161.000



euros, a través deste convenio estase a construír unha rampla e pantalán que cumpra todas as medidas de ángulo, caída e ancho necesarias para facilitalo acceso das persoas con diversidade funcional á parte baixa do río Miño e ao seu estuario. Coa base xa feita e a estrutura a piques de colocarse, as obras de construción rematarán a principios de decembro.

Este proxecto levouse adiante coa colaboración da Asociación de Persoas con Discapacidade Vontade, unha organización sen ánimo de lucro que busca procurar a este colectivo os recursos necesarios para fomentar a súa autonomía e autorrealización, e do Club Sen Amarras, que traballa pola inclusión das persoas con mobilidade reducida no ámbito dos deportes náuticos.

Tomiño instala a ponte sobre o río Pego que dará continuidade á senda polo Miño

O Concello de Tomiño acaba de colocar unha pasarela de madeira sobre o río Pego, o que permitirá darlle continuidade á actual senda polo río Miño e perfilar o futuro sendeiro que permitirá comunicar a vila con Tui.

Cun orzamento de preto de 65.000 euros, os técnicos colocaron este martes a ponte e durante os vindeiros días procederán a facer a ancoraxe da pasarela e as probas de carga para comprobar que se compren as normas. A ponte estará operativa a vindeira semana despois de rematar os accesos por ambas beiras da ponte para salvar o desnivel coa senda.

Trátase dunha rota cun alto valor paisaxístico, histórico e turístico da comarca que recupera un antigo sendeiro que a veciñanza leva empregando dende sempre e que percorre a

ribeira do Miño. O obxectivo é dar acceso directo ao Miño respectando as directrices marcadas pola Red Natura e poñendo a disposición da cidadanía unha senda co mínimo impacto medioambiental, acondicionado con listóns de madeira e zahorra de canteira e que conte coa sinalización que informe sobre a flora e a fauna da zona.

En total serán uns 10 quilómetros de sendeiro que porán en valor o patrimonio medioambiental do concello de Tomiño e permitirá aos veciños e veciñas percorrer un espazo idóneo para a práctica do deporte.



'Barferencias', recollida de lixo en kaiak ou a celebración do Día do Orgullo Agrogay, actividades do programa de Voluntariado de Tomiño para 2018

O programa de voluntariado do concello de Tomiño naceu no ano 2003 co obxectivo de ser unha referencia clara na organización de persoas que de xeito activo participen en distintas actividades municipais. Dende ese momento, 118 mozos e mozas colaboraron nas actividades de voluntariado local tomiñense.

Esta semana parte do grupo de voluntariado local reuníase en instalacións do concello para aaliar a programación realizada ao longo deste ano e para organizar as actividades de cara ao vindeiro 2018, xa que a programación anual é deseñada de xeito conxunto a través da participación e cooperación real e efectiva.

O programa de voluntariado do vindeiro ano recolle accións tan dispares como a realización dunha campaña de adopción de

cans e gatos en colaboración con protectoras de animais locais; a celebración do Día do Orgullo Agrogay; 'Barferencias', charlas de carácter informal en bares e cafeterías sobre a posta en valor do medio rural e baseadas no emprendemento social e diferentes actividades relacionadas coa igualdade de xénero.

Ademais, os voluntarios e voluntarias participarán na conmemoración do Día das Letras Galegas e un concurso de deseño dunha camiseta relacionada co 17 de maio, na recollida de lixo en kaiak, na creación dun club de lectura, nun faladoiro de inglés e na elaboración dun blogue e/ou unha web de voluntariado.

Lucía González foi a primeira voluntaria en darse de alta no servizo o 29 de xuño de 2004. Dende entón ademais do volun-

tariado local, a OMIX acadou no 2012 a acreditación como entidade de acollida e envío de Servizo de Voluntariado Europeo en en xuño dese mesmo ano 5 mozos e mozas participaron nun intercambio na República Checa e en setembro de 2012 Tomiño recibía ás primeiras voluntarias europeas dentro deste programa, Marin de Estonia e Iwona de Polonia. Despois de varios intercambios internacionais, no ano 2016 a través dun convenio Erasmus PLUS asinado cunha universidade alemá Anja Heinz realizou as súas prácticas durante tres meses en Tomiño e este ano asinou un novo convenio con esa universidade para acoller a Jessica Schröder. En canto ao de voluntariado local, Paloma Bravo foi a última moza en darse de alta no programa o pasado 24 de outubro.



Reunión do grupo de voluntariado



Youth Exchange Ecofeminista Maigaia

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda participa en Fairway

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Turismo, participa na segunda edición de Fairway, o Foro do Camiño de Santiago que se celebra entre o 12 e o 14 de novembro no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

O foro ofrece un punto de encontro entre profesionais do sector turístico, representantes institucionais e expertos, cunha ampla programación de mesas redondas e relatorios sobre diversas temáticas relacionadas coa ruta xacobeá. Así, máis de 30 turoperadores e axencias especializadas de quince países diferentes participan nestas xornadas, onde A Guarda está presente no expositor de Deputación de Pontevedra - Turismo Rías Baixas.

O departamento de Turismo mantén dende esta mañá unha intensa axenda de encontros con máis da metade de turoperadores e axencias especializadas en



turismo de peregrinación de carácter internacional (Alemaña, Irlanda, Estados Unidos, Sudamérica, Arxentina ou Brasil, entre outros).

A participación nesta feira profesional permite ao noso Concello manter contactos con outros sectores -como os de transporte de viaxeiros, centrais

de reservas, software turístico ou de saúde dos peregrinos-, así como cos departamentos de Turismo de distintas Comunidades Autónomas, Deputacións e municipios españois e portugueses, cos que se poderán xerar novas sinerxías en prol do Camiño Portugués da Costa e do noso pobo.

O BNG volve presentar moción para adhesión da Guarda ao Plan Revitaliza da Deputación

“O BNG traballa con iniciativas a prol da reciclaxe fronte a outros modelos como a incineración”

O BNG volve presentar unha moción para a adhesión do concello da Guarda ao Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, como un novo xeito de xestionar o lixo.

Para o BNG a xestión eficiente do lixo é un dos piares básicos para transformar A Guarda cara un concello sostíbel.

Dende a chegada do BNG á Deputación de Pontevedra este foi un dos eixos sobre os que pivota a nova forma de gobernar nos

que se queren implicar aos concellos nunha xestión sustentábel e máis respectuosa co medio ambiente.

“Esperemos que despois dun ano de andadura do Plan Revitaliza, o alcalde da Guarda teña reflexionado sobre a compostaxe e aposte por este sistema de xestión ambiental. A compostaxe axudaría a rebaixar a factura do lixo con SOGAMA e, ao mesmo tempo, reducimos as emisións de gases contaminantes como o CO2

e melloramos o noso medio ambiente”, comentou Ángel Baz, portavoz municipal do BNG.

O BNG sinala que este ano volve a haber liñas de axuda para a posta en marcha deste programa provincial, dos que se poderían beneficiar os guardeses e guardesas coa adhesión a este plan.

Dende o BNG considérase unha boa oportunidade para a Guarda de poñer en marcha un programa de compostaxe como modelo de xestión que supón dun aforro para as arcas municipais dada a redución de volume de lixo que se envía a SOGAMA.

Romería de Santa Catalina o día 26

O domingo 26 de novembro o barrio da Cruzada de A Guarda acolle a celebración da Romería de Santa Catalina.

Ás 11:30h celebrarase a Santa Misa seguida dunha Pro-

cesión ata a Fonte acompañada polo Grupo de Gaitas e Baile Xamarina.

Ó remate da Procesión serviráse un chocolate de balde. Organiza a Comisión de Festas de San Cayetano.



Actividades culturais polo Día Internacional contra a Violencia de Xénero

A Concellería de Igualdade e o Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Guarda organizan a finais deste mes unha serie de actividades culturais con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, que se conmemora o 25 de novembro.

A programación dará comezo o xoves 23 de novembro coa proxección da curtametraxe «Lurna» no Centro Cultural ás 20:30 horas. O filme conta a historia dunha muller senegalesa que abandona o seu país na procura dunha vida mellor. Deseguido, o director da obra, o guardés Nani Matos, ofrecerá unha charla-coloquio sobre a trata de persoas.

O sábado 25 de novembro terá lugar na Casa dos Alonso un acto conmemorativo no que o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, e as concelleiras da Corporación Municipal colocarán unha pancarta coa que se expresa a total repulsa por todos os casos de Violencia de Xénero.

Tras o acto, que comezará ás 12:00 horas, o grupo Cinta Adhesiva realizará unha actuación poético-musical, cunha reflexión sobre a vida e as formas de actuar do ser humano.

Completando a programación, o sábado tamén terá lugar a representación teatral «Nacidas libres» no Centro Cultural, ás 20:00 horas. A obra relata a historia de catro actrices que deciden emprender e montar unha peza inspirándose nunha noticia aparecida nos xornais sobre tres monxas indias retidas nun convento de Santiago contra a súa vontade. O espectáculo ofrece múltiples reflexións e referencias a diversos temas vistos dende a perspectiva de xénero, tales como a desigualdade ou os condicionantes culturais, sen perder o humor.

A entrada será de balde ata completar as prazas dispoñibles e as entradas estarán dispoñibles a partir do luns 13 de novembro, no Centro Cultural ou no Centro de Información ás Mulleres (CIM) da Guarda.



A GUARDA

O BNG denuncia o incumprimento plenario dos puntos de información social por parte do PSOE

“A instalación de espazos de información social foi unha das emendas do BNG ao novo regulamento do lixo que o PSOE rexeitou”

O BNG considera que o PSOE actúa con cinismo cando aproba unha ordenanza de lixo onde prohibe a colocación de carteis informativos na rúa, sen aportar ningunha alternativa, e esa mesma formación política chega a pegar carteis en lugares públicos do concello.

O BNG segue a reclamar o cumprimento dun acordo plenario para a colocación de espazos de infor-

mación onde o traballo político e social gardés teña maior visibilidade, algo que semella preocupar substancialmente ao grupo municipal socialista que por outra banda non dubida en incumplir o seu propio regulamento.

“Cunha actitude cargada de soberbia, o grupo municipal socialista amosa estar por enriba da lei e evidencia a súa falta de transparencia e rigor político, tentando

ocultar unha elevada actividade social e política que ás claras incomoda ao goberno local”, afirma o portavoz municipal do BNG Ángel Baz.

“Imos a seguir denunciando as carencias dunha ordenanza que o propio goberno é o primeiro en incumplir. Máxime, cando se rexeitaron emendas quedando ás claras a necesidade das mesmas, ou pola intolerancia por parte do goberno do PSOE a un novo modelo de xestión do lixo proposto polo BNG máis ecolóxico e viábel para a Guarda.” Conclúe Baz.

A OMIX organiza unha xornada de micoloxía

A Concellería de Xuventude, a través da Oficina de Información Xuvenil (OMIX), organiza unha nova xornada de micoloxía, que se celebrará o próximo sábado 25 de novembro.

A actividade comezará pola mañá, de 10 a 13 h, cunha sesión formativa na que as persoas participantes poderán achegarse á ecoloxía dos fungos e ao proceso de identificación. Xa pola tarde, entre as 16 e as 18 h,

realizarase unha saída ao monte co fin de realizar unha escolma e recolección de cogomelos pola contorna da vila.

As xornadas centraranse, principalmente, no coñecemento e respecto a estes organismos, e a actuar de forma responsable no caso de estar interesados na súa recolección durante a temporada. Contaremos, para isto, coa colaboración da Asociación Forestal e de Educación Ambiental ‘A Jalleira’.

A Biblioteca Municipal amplía o prazo de participación na iniciativa -Biblioteca Solidaria-

A Biblioteca Pública Municipal da Guarda celebrou o Día da Biblioteca, que se conmemora cada 24 de outubro, promovendo diversas actividades dirixidas ao público en xeral. Entre elas destaca a «Biblioteca Solidaria», unha iniciativa na que que aquelas persoas que se achegaron ao espazo de ocio e lectura municipal puideron escoller un libro descatalogado a cambio de aportar unha unidade de alimentos non perecedeiros (arroz, pasta ou legumes, entre outros).

Dado o éxito da iniciativa, e tendo en conta a proximidade do Nadal, a Biblioteca Municipal amplía o prazo de participación ata o vindeiro 18 de decembro e aceptará produtos típicos destas datas (tales como turróns e outros doces, embutidos ou froitos secos) malia que estes non sexan perecedeiros. Os alimentos recollidos serán repartidos entre as asociacións da



Guarda que teñan unha función de axuda social ou ben a aquela que máis os precise, en función da cantidade recollida.

Obradoiro de manualidades de Nadal en decembro

A Concellería de Xuventude, a través da Oficina de Información Xuvenil (OMIX), organiza unha novo obradoiro de elaboración manual de agasallos e adornos de Nadal os próximos días 4, 11, 13, 18 e 20 de decembro.

«Faino ti: realiza os teus propios agasallos e adornos de Nadal» é o nome da actividade, que se levará a cabo entre as 18 e as 21 h no antigo Colexio Sinde e no que poder participar persoas de todas as idades e perfís. O obradoiro enmárcase no programa «Tecendo

lazos» da Deputación de Pontevedra, cuxa principal finalidade é desenvolver obradoiros interxeracionais no ámbito do lecer e o tempo libre a través dos que establecer espazos para o encontro entre diferentes xeracións.

A inscrición poderá realizarse ata o próximo 24 de novembro.

As persoas interesadas poderán obter máis información na oficina da OMIX situada na Casa do Concello, chamando ao teléfono 986 614 546 ou ben no email informacion@aguarda.es.



BAIXO MIÑO

A GUARDA / GONDOMAR

«Petiscos con arte» celebrarase as dúas últimas fins de semana de novembro

O Concello da Guarda organiza este mes unha nova ruta gastronómica na que se mesturará a arte coa gastronomía guardesa en pequeno formato. «Petiscos con arte» é o nome deste percorrido gastronómico, que se celebrará os días 17, 18, 19, 24, 25 e 26 de novembro, e no que cada establecemento ofrecerá un petisco a 1,50€.

A finalidade da ruta é promover a gastronomía e a arte na Guarda, polo que as persoas participantes poderán degustar petiscos mentres contemplan as obras de pintura, escultura e fotografía expostas nos establecementos, en horario de mañá (de 12 a 14 h) e tarde (18 a 21 h).

Artistas e locais participantes Participarán un total de 15 cafeterías e restaurantes guardeses e outros tantos artistas locais ou con vinculación ao noso concello. Estes son: a cafetería Alameda, con fotografías de Eva Peixoto; a cafetería Art Café, con fotografías de Carlos Pascual; a cafetería e tasca As Pozas, con exposición fo-



tográfica de Iago Alonso; a vinoteca Avenida, cunha mostra pictórica de Elena Cividanes; a bocatería Brétema, con escultura de Carlos Carrera; o bar Cramoeiro, con pinturas de Silvia Represas; a cafetería Kanella's, con fotografías de Eva García; a cervexaría La Casilla, cunha mostra pictórica de Lucía Baz; o restaurante La Pizzicata, con fotografías de José C. Castro; a bocatería Marbella, coas pinturas de Naa Martínez; a cafetería Novo Bar, con esculturas de Anxo Ferreira; o restaurante O

Cangrexal, con pintura de Teresa Dorado; o bar Terra Verde, cunha exposición fotográfica de Anxo Vaquero; o restaurante Xantar, cunha mostra pictórica de Mercedes Doval; e o restaurante Xeito, con pinturas de Charo Trigo.

Nesta ruta colabora a Adega Gran Novas, participante na Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira, que cederá 5 lotes de viño albariño para sortear entre os participantes na ruta que degusten o petisco e cumprimenten o boleto do sorteo.

Persoal dos clubs deportivos, o GES e a Policía Local participan nun taller de reanimación cardiopulmonar

Máis dunha vintena de persoas asistiron ao curso práctico celebrado no salón de actos do IES A Sangriña, entre membros do S.D. As de Copas, a Unión Deportiva A Guía Guardesa, a Escola de Fútbol Deportivo Alameda, o Gimnástico Deportivo Miño, o Bogavante F.C. Veteranos, o Club Sporting Guardés, o Club de Remo Robaleira, o Club Alagua, o Club de Tenis Codesal, a Policía Local e o Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES).

Impartido polos especialistas Lucía Peixoto, Roberto Barcala e Antonio Rodríguez e de carácter eminentemente práctico, os participantes aprenderon o procedemento a seguir ante unha posible parada cardiorrespiratoria, actuando de inmediato e alertando os servizos de emerxencia. Así mesmo, aprenderon a técnica para realizar unha reanimación cardiopulmonar (RCP) básica incluíndo a utilización dun desfibrilador semiautomático (DESA).



As «Barferencias» retornan aos bares e cafeterías da Guarda

BARFERENCIAS DE INVERNO 2017/2018

3 de novembro de 2017 no Arruaz
Referencia o Pai Baltasar Merino e presentación do seu libro "Estudio sobre las Borrascas de la Costa Occidental de Galicia (1893)"
Joaquín Cadilla Castro (Presidente de OR.PA.GU.)

15 de decembro de 2017 no Viceversa
Contribucións dos modelos informáticos para a análise espacial do Megalitismo galego
Miguel Carrero Pazos (GEPN-AAT. USC)

12 de xaneiro de 2018 no Oasis
A represión franquista contra as mulleres
Montse Fajardo Pérez (Autora do libro Un cesto de mazás)

2 de febreiro de 2018 no Cramoeiro
A rasa costeira no Baixo Miño
Soledad García Gil (Uvigo)

2 de marzo de 2018 no Aquilino
De roteiro nas costas da lamprea
Manuel Ángel Pombal Diego (Uvigo, ANABAM)

Os venres ás 20:30h

As «Barferencias» constitúen xa un clásico na programación de inverno na Guarda. Concibidas como charlas de carácter informal, con elas preténdese espallar a cultura máis aló dos centros culturais ou salas de conferencias, trasladando así a divulgación sobre diferentes temas ós bares e cafeterías guardesas. Cada un dos faladoiros conta coa intervención dunha persoa estudiosa e/ou especialista na materia a tratar, encargada de guiar a sesión.

A primeira «barferencia» desta edición realizouse o venres 3 de novembro no local

Arruaz. O protagonista do encontro foi o Pai Baltasar Merino, botánico e meteorólogo xesuíta cuxo centenario de pasamento se conmemora este 2017. O presidente de OR.PA.GU., Joaquín Cadilla, foi o encargado de guiar a charla, titulada «O Pai Baltasar Merino e o seu libro 'Estudio sobre las Borrascas de la Costa Occidental de Galicia (1893)».

A represión franquista, o megalitismo galego, a rasa costeira e a lamprea serán os temas que se tratarán nas vindeiras sesións, celebradas un venres de cada mes ás 20:30 horas nos bares da vila.



XII Xeiras Alén Miñor do IEM

O Instituto de Estudos Miñoranos organiza a XII Xeira Alén Miñor, consistente nunha excursión con visitas guiadas a Santiago de Compostela.

A viaxe comeza o sábado 2 de decembro ás 8 da tarde coa saída desde a explanada do Pavillón de Deportes de Gondomar e o regreso remata o domingo 3 á mesma hora no mesmo lugar. O prezo de 120€ para socios e 130€ non socios, inclúe autobús, seguro, aloxamento, almorzo do domingo, xantar do sábado e do domingo, as visitas ós museos e guías.

Guiados pola historiadora Encarna Otero, e coa colaboración de Manel Vilar (Museo do Pobo Galego) e Xosé Ramón Lema (USC), visitarán San Martiño Pinario, Hospital Real, San Frutuoso (Barroco S.XVIII), Igrexa das Animas (Neoclásico S.XVIII), Praza de Abastos, Centro Galego de Arte Contemporáneo e Museo do Pobo Galego.

Resérvase praza chamando ao IEM, 986 360 575 (de 18 a 21h.) ou escribindo a oficina@iem.gal

Por Dani Leirós

Carlos Casares, o homen que levou o libro em galego ao cosmopolitismo e cara a modernidade

Con a súa dirección na editorial "Galaxia" o mundo cultural começou a ser tamén una industria

O día 9 de Novembro, na casa da Cultura da Galiza en Vigo, seguindo os actos programados este no sobre Carlos Casares, autor homenageado com motivo do "Días das letras galegas" falou-se da sua parte mais empresarial, poderíamos dizer, uma parte muitas vezes esquecida, porem de grande transcendência na cultura galega, que passou a ter uma industria cultural própria, em grande parte pelo esforço, o trabalho e as ideias de Casares. Existe um consenso sobre esta ideia que foi exposto desde as mesa por todos e todas os presentes e é que com certeza, a través da sua direcção o libro editado em galego avançou mais do que nunca tivera avanzado na sua historia, achegando também um cosmopolitismo que na altura era muito necessário para as nossas letras, com a tradução e a edição em galego de obras fulcrais da literatura universal.

Abriu as palestras o Excmo. sr. d. Abel Caballero, que foi companheiro político, para além de colega, do que sem lugar a dúvidas é já uma das referencias literárias das letras galegas, às que se lhe dedicam este ano 2017, Carlos Casares uma das pessoas que trouxe a literatura galega e em galego para o século XXI.

Neste sentido, foi um dos grandes percursores na utilização das novas tecnologias, aportou uma nova dimensão para a cultura galega. Esta dimensão viu ligada ao seu gosto pessoal pelas novidades electrónicas, sendo grande apaixonado das câmaras fotográficas.

Criador com uma centralidade na sua vida da ação política, transformando o ha-

bitual em algo de forte intensidade criativa numa criatividade quase industrial. Uma dimensão literária que trasladou à sua visão do mundo e "literalizando" a política.

De Galáxia falou Xosé M. Soutullo, o que homenageia profusamente as luzes de Casares que para além de autor, que o foi, também como editor que foi e diretor da revista "Grial". Casares trouxe à Galaxia do velho ideal do galeguismo mais "piñeirista" de lutar exclusivamente pela cultura do País a um novo cenário já próprio do novo modelo político autonómico, que marcava uma nova etapa editorial na que tornou como objetivo editorial universalizar também a autores doutras línguas e literaturas, traduzindo ao galego as suas obras: Hemingway, Kipling,...

Com a revista "Grial" nascida no 1963 é recolhida por Casares no 1989 aportou uma visão de modernidade para Galiza, além já não só da literatura, deixando atrás o velho resistencialismo cultural e ultrapassando as suas margens e chegando a uma modernidade desde os campos da sociologia, da história, da geografia,... já fora das margens do exclusivamente literario.

Rematou Soutullo falando em que para Casares, a personalidade de Galiza era a sua paixão e a sua admiração era a sua cultura.

Manuel Bragado de "Xerais" falou sobre a biblioteca 120 obras da literatura galega que publicou "La Voz de Galicia" a começos do século XXI, uma grande empresa editorial que teve um grande sucesso e na que Carlos Casares teve um papel basilar. Foi esta uma aposta pela cultura em galego e desde Galiza. Uma biblioteca plural



em géneros, plural nas gerações das e dos autores representadas e uma biblioteca possível pela convicção profunda de ser esta biblioteca uma causa de País. Com Carlos Casares passamos da cultura de ativas da geração dos Piñeiro e dos Del Riego, à indústria cultural galega, juntamente com Bieto Ledo, Mariño, Freixanes, Celia Torres e tantos outras que promoveram um salto adiante da edição do livro em galego, passando de 300 livros anuais a perto dos 2000 livros em galego por ano, no que tanto Galaxia como Xerais tiveram muito que ver, sem esquecer a outras editoras como: soutelo branco, edicións do castro,... que somaram e ampliaram os seus próprios catálogos.

Indicou Bragado que com Manuel Janeiro e Francisco Mantecón apareceu um novo estilo do livro em galego, um dos factos que propiciaria por vez primeira que fora aparecendo a competência comercial entre ambas editoriais, uma competência que também levaram a manter a vanguarda e a modernização, afastada do "capricho", do livro em galego. Neste sentido, de competência já empresarial entre Galáxia e Xerais,

teve muito que ver a irrupção do galego no sistema educacional do nosso País.

Francisco X. Senin, ex-director geral do libro, falou da relevância que Carlos Casares teve na edição de obras para nenas e nenos. Para além da sua própria obra "A galiña Azul" ou "A laranxa mais laranxa de todas as laranxas", implicasse no trabalho de tradução de obras da literatura mundial como "O Principiño". Foi fundamental na posição da editorial Galaxia no lançamento de literatura infantil e juvenil em galego: Xohana Torres, Bernardino Graña, Neira Vilas, Dora Vázquez,... nas décadas 60 e 70 do século XX.

A proposta de Ramón Piñeiro, Carlos Casares recolhe a direção de "Galaxia" na década de 80 do século passado.

No 1989 a iniciativa de várias gentes o libro galego acode por vez primeira à feira do livro internacional em Frankfurt. Logo viriam Genebra, Bolónia,... e o livro galego como soporte modernizase e europeizase no seu formato.

Finalmente Alonso Montero, ex-presidente da RAG, falou do Casares mais político, mais activista.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

NOVAS DA RAIA

Tomiño e Cerveira irmándanse a través do deporte

Celebran o seu primeiro campus deportivo o 24, 25 e 26 de novembro, actividade elixida pola cidadanía dentro da primeira edición do Orzamento Participativo Transfronteirizo

Tomiño, 09 de novembro de 2017.- O concello de Tomiño e a Cámara de Vila Nova de Cerveira ultiman os preparativos do seu primeiro campus deportivo conxunto, que se celebrará o días 24, 25 e 26 de novembro en instalacións de ambos os dous concellos.

Elixida pola cidadanía dentro da primeira edición do Orzamento Participativo Transfronteirizo, esta iniciativa naceu co obxectivo de educar en valores de tolerancia, cooperación, interculturalidade e respecto entre nenos e nenas dos dous concello e de fomentar o coñecemento cultural e social mutuo, o deporte saudable e a competi-

vidade sen violencia.

O campus arrancará o venres 24 de novembro cunha cerimonia de apertura ás 16.30 horas (hora galega) no pavillón municipal do concello cerveirense e con dous partidos de fútbol amigable entre dous equipos mixtos formados por adolescentes de Galicia e Portugal.

Ao día seguinte, 25 de novembro, o campus continuará cunha actividade de orientación en familia no Parque do Lazer Castelhino, en Cerveira, de 10.15 a 12.00 horas. Xa pola tarde trasladarase ao concello tomiñés, que acollerá un campus de atletismo e unha exhibición de Calistenia na área deportiva de

**CAMPUS DEPORTIVO
TOMIÑO - CERVEIRA**

24 DE NOVENBRO VENRES		
16:30 - GAL 18:30 - PT	Cerimonia de Apertura do Evento: 2 partidos de fútbol amigable entre dous equipos mixtos formados por adolescentes de Galicia e Portugal.	Pavillón municipal de Vila Nova de Cerveira
25 DE NOVENBRO SÁBADO		
10:15 - 12:00 - GAL 09:15 - 11:00 - PT	Actividade de orientación en familia.	Parque do Lazer Castelhino (Vila Nova de Cerveira)
16:30 - 18:00 - GAL 15:30 - 17:00 - PT	Atletismo / Exhibición de Calistenia Tennis de mesa	Área deportiva Mosteiro (Tomiño) Pavillón de Sobrada
26 DE NOVENBRO DOMINGO		
11:00 - GAL 10:00 - PT	Piscina en familia	Piscina Municipal de Vila Nova de Cerveira
12:30 - 13:30 - GAL 11:30 - 12:30 - PT	Pilates en familia	Pavillón de Goián

Logos: INTERREG, Tomiño

Mosteiro e outro de tenis de mesa no pavillón de Sobrada (de 16.30 a 18.00 horas).

As actividades do domingo 26 estarán reservadas para facer en familia, con natación na piscina municipal de Vila Nova de Cerveira a partir das 11.00 horas e con pilates no pavillón de Goián de 12.30 a 13.30 horas.

Ambas as dúas entidades repartiron máis de 1.500 volantinas coa ficha de inscrición nos distintos centros educativos para que a información chegara ao maior número posible de familias, que poderán escoller entre media dúcia de actividades a realizar de forma gratuíta.

O Orzamento Participativo

Transfronteirizo trátase dun proxecto pioneiro na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal incluído na Axenda Estratéxica para a Cooperación Transfronteiriza Amizade Tomiño-Cerveira, proxecto cofinanciado ao 75% polo Programa INTERREG VA POCTEP, fondos FEDER da Unión Europea.

"Uma sensação extraordinária e muito gratificante"



Nos últimos dois anos, a voluntária Andreia Brandão, 31 anos, natural de Vila Nova de Cerveira, passou uma hora por semana na APPACDM, polo de Monção, dando aulas de relaxamento aos utentes da instituição. Por motivos profissionais, vai dei-

xar de fazê-lo com tanta assiduidade, passando a visitar aquela instituição social apenas uma vez por mês.

Disse-nos que leva daqui "uma sensação extraordinária e muito gratificante" e "um conjunto de ensinamentos para a vida" que "colocará em

prática no contacto diário quer a nível pessoal quer profissional". Sublinhou: "Concentrei-me naquilo que eles têm de melhor e procurei valorizar esse potencial. Dei muito mas penso que recebi mais. Foi uma grande surpresa em todos os aspectos"

Presente na sessão de "despedida", a responsável do Banco Local de Voluntariado de Monção, Eliana Costa, fez uma avaliação muito positiva desta experiência, enaltecendo a relação muito especial de Andreia, fisioterapeuta de formação, com os utentes e colaboradores da instituição monçanense.

Fazendo um balanço positivo do voluntariado em Monção, Eliana Costa deixou algumas novidades para os próximos tempos, salientando-se a criação dos programas "Anima" e "Fábrica de Experiências". Em fase de preparação, serão desenvolvidos em contexto escolar, envolvendo alunos de vários escalões de ensino.

**HOMENAXE Á
MAREA BRANCA**

**DOMINGO 19
NOVEMBRO 2017**
Mirador de Fonte Quente,
12:30 h.

Intervirán:

- ANTONIO LOMBA (Alcalde da Guarda)
- ALEJANDRO VILELA (Membro de Greenpeace)
- SUSO LÓPEZ (Ex-patrón Maior da Confraria de Baiona)
- XABIER GARRIDO (Autor do monumento "Homenaxe á Marea Branca")

En caso de choiva, trasladarase á Casa dos Alonso.

CONCELLO DA GUARDA

MONÇÃO

Mostra da XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira inaugura sexta-feira em Pontevedra

Esbatendo fronteiras, a Fundação Bienal de Arte de Cerveira vai levar até Pontevedra uma seleção de obras apresentadas durante a XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira. A Sala X da Faculdade de Belas Artes da Universidade de Vigo será o palco desta mostra, que apresenta ao público 24 artistas a partir desta sexta-feira.

A “Mostra XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira” pretende por em confronto diversas linguagens e opções estéticas de artistas de nacionalidades que têm maioritariamente como língua materna o português e o espanhol. Segundo o coordenador artístico e de produção, Cabral Pinto, “esta iniciativa contribui para abrir portas a diálogos e expectativas de como a obra de arte pode ser um meio de comunicação intercultural, permitindo a partilha da visão das comunidades de uma identidade que pode ou não ser comum”.

O evento, que tem inauguração agendada para as 20h00 (hora local), integra o projeto “Bienal Internacional de Arte de

Cerveira: 40 anos que projetam o futuro”, com o apoio da República Portuguesa – Cultura / Direção-Geral das Artes.

De recordar que, a caminho de celebrar 40 anos, a bienal de arte mais antiga da península ibérica atingiu 100 mil visitantes, entre 15 de julho e 16 de setembro. Só em Vila Nova de Cerveira foram apresentados 8.300m2 de espaço expositivo, 500 artistas de 35 países, e 600 obras de arte, num total de 14 espaços.

Artistas representados: Alexandra de Pinho (PT), Alfonso Vicente Rey (ES), Beatriz Cunha (PT), Cristóbal (PE), Filipe Rodrigues (PT), Henrique Do Vale (AO), Maria Melo (PT), Mariola Landowska (PL), Raquel Gralheiro (PT), Elsa César (PT), Henrique Silva (PT), Bruno Caracol (PT), Edu (ES), Fran Orallo (ES), Inês Norton (PT), Lealveileby (PT & SE), Marcos Bonisson e Khalil

Charif (BR), Miguel Angel Rego (ES), Pedro Sera Nunes (PT), Raylander Mártis (BR), Tânia Dinis (PT), Ximena Velásquez Sánchez (CO)

Local: Sala X – Sala de Exposições do Campus de Pontevedra, Rúa Maestranza 2,

Horário (hora local): segunda a sexta-feira | 12h00 - 14h00 | 19h00 - 21h00



Provedoras transfronteiriças visitam creches de Cerveira

Prosseguindo o trabalho de proximidade através do contacto com a realidade de entidades e equipamentos/serviços de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño, que são ou podem ser partilhados, as provedoras transfronteiriças elegeram a área da Educação para uma visita no terreno.

Maria de Lurdes Cunha e Zara Pousa Arbones estiveram na Creche e Jardim de Infância da Santa Casa da Misericórdia e na Creche do Centro Social e Paroquial de Campos, onde realizaram uma visita guiada às instalações e se inteiraram das boas relações que existem com os tomiñenses na partilha deste serviço, consubstanciadas numa significativa taxa de utilização de bebés e crianças do outro lado do rio Minho.

Uma das dificuldades men-

cionadas e consensual prende-se com a intenção de agendamento de intercâmbios ou visitas de âmbito escolar, que esbarra sempre num enorme processo burocrático por se tratar de dois concelhos de países diferentes mas que, geograficamente, estão ligados por uma ponte de algumas centenas de metros.

Esta foi a segunda visita a equipamentos, depois de em outubro passado, as provedoras transfronteiriças terem iniciado estes contactos mais próximos, conhecendo a forte dinâmica transfronteiriça da Piscina Municipal de Vila Nova de Cerveira.

De sublinhar que a figura da provedoria transfronteiriça integra o projeto da Agenda Estratégica Cooperação Transfronteiriça "Amizade Cerveira Tomiño", co-financiado pela Interreg V A.



Colocação de relvado sintético conclui requalificação do Estádio 1º de Janeiro

Um sonho com décadas tornado agora realidade. A Associação Desportiva de Campos estreou, esta quarta-feira, o relvado sintético e as novas infraestruturas de apoio, representando o maior investimento municipal afeto ao primeiro mandato deste executivo sem qualquer financiamento comunitário. Inauguração oficial está marcada para o dia 1 de janeiro.

O pontapé de saída do jogo entre a AD Campos e o Távora foi dado, simbolicamente, pelo presidente da Câmara Municipal, Fernando Nogueira, o presidente da AD Campos, Miguel Malheiro, e o presidente da União de Freguesias de Campos e Vila Meã, Joaquim Hilário, de forma a assinalar a conclusão das obras de requalificação que visaram a colocação do novo tapete sintético e a construção dos novos



balneários.

“Este era um compromisso que assumimos desde o início, em excelente colaboração com a direção da AD Campos e a Junta de Freguesia. E, apesar de ser um enorme investimento do Município, era para ser cumprido. Este é o resultado de muito esforço,

vontade e persistência, mas que é reconhecido por todos, pois era um anseio com décadas”, assegura o edil Fernando Nogueira.

Com um investimento de 550 mil euros, totalmente suportado pela Câmara Municipal, a intervenção foi executada em duas fases entre 2015 e 2017.

Municípios festejaram título de 3ª melhor Vía Verde da Europa

Os municípios de Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira e Caminha festejaram em conjunto o título de 3ª melhor via verde da Europa, atribuída à Ecopista do Rio Minho.

O troféu, alcançado nos 8th European Greenway Award, percorreu os 46 quilómetros daquele corredor ecológico

colado ao rio Minho, tendo o trajeto começado em Seixas, Caminha, e terminado, no Parque da Lodeira, junto à ponte Internacional, concelho de Monção. Ao longo do percurso, assistiu-se à passagem de testemunho com o troféu a passar de mão em mão entre os presidentes de câmara de cada município.



MISCELANEA

A ILP para garantir os dereitos lingüísiticos no ámbito económico acada apoio internacional

O presidente da Mesa e vicepresidente de ELEN Marcos Maceira, atópase en Valencia na xuntanza anual da Rede Europea para a Igualdade das Linguas (ELEN), que se celebra esta fin de semana no centro Octubre de Valencia.

A asemblea xeral que organiza a ELEN, ten dous obxectivos principais; o primeiro, debater sobre os dereitos lingüísticos e os tipos de normas legais que existen neste eido, e o segundo, conmemorar o 25 aniversario da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias.

Na xuntanza danse cita até 45 idiomas rexionais ou minoritarios de toda Europa. A lingua galega está presente grazas á participación da Mesa pola Normalización Lingüística.

O presidente da Mesa e vicepresidente de ELEN Marcos Maceira, fixo unha intervención ante os representantes das 150 entidades e 23 Estados europeos que participan na reunión. Ante



estas persoas Maceira expuxo o traballo que desenvolve a asociación en defensa e promoción do galego. Neste sentido, presentoulle o resultado da iniciativa lexislativa popular (ILP) que a Mesa levou adiante para garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico, e que contou con amplo apoio social -28.000 sinaturas e ducias de empresarios e empresarias-.

Pola súa banda, o presidente de ELEN Ferran Suay, avanzou o apoio da Rede á proposta lexislativa da Mesa pola Normalización Lingüística por ser "unha

medida positiva para mellorar os dereitos lingüísticos e unha aplicación adaptada á realidade galega do protocolo de Donostia" argumentou Suay.

Finalmente, Maceira expresou a súa satisfacción por acadar apoio internacional cara á ILP promovida pola Mesa e declarou: "hoxe non só conseguimos o apoio da ELEN e dos seus membros, senón que se demonstra a importancia, relevancia e necesidade de que esta proposta se aprobe para mellorar e protexer os dereitos lingüísticos en Galiza".

A Irmandade dos Vinhos Galegos celebra a Festa da Castanha

A Irmandade dos Vinhos Galegos vai celebrar o Solsticio, adiantado, de Inverno con unha reunión capitular da Festa da Castaña, o vindeiro de novembro no parador-mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Neste sanedrín para irmandiños farán unha cata de tres viños brancos -"Quinta da Peza" da Rua, "Finca trasdairas" D.O.Valdeorras e "Treixadura Vendima Tardia" D.O. Ribeiro- e tres viños tintos - "Tinto Serie Oro" D.O. Valdeorras, "Lomas de Fonte" D.O. Valdeorras e "Algueira pizarrá", D.O. Ribeira Sacra.

A continuación a igrexa será

lugar do xuramento de novos irmandiños e lembranza dos que se foron. No Claustro dos Bispos celebrarán un magosto de castañas asadas e aperitivos, para pasar logo ao comedor panorámico onde gozarán dun almorzo onde a castaña será protagonista nos diferentes pratos do menú, como o Potage de castañas, boletus e verduras, a carrillera estofada ao viño tinto de amandi e revolcona de castanhas, ou a mouse de limón con castaña em almibar, todo iso regado con godello e mención da adega de Joaquín Rebolledo. De remate cafés e queimada co ritual das fadas.



CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

**Especialidade en
rosquillas e melindres**



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

Mini e Mero: labrando para sementar

O próximo sábado, 18 de novembro, en Vilalba, vai ser presentado o libro "MINI E MERO: labrando para sementar", con motivo da homenaxe que se lles vai render no Paseo dos soños vilalbés, onde desde agora terán o Hectómetro Literario número XII.

Os actos darán comezo ás doce da

mañán xunto ao Muiño do Rañego, para ir percorrendo o Paseo dos Soños ata o lugar onde se descubrirá o monolito -obra de Xosé Val Díaz, Valdi- que deixa constancia da homenaxe a Mini e Mero pola súa traxectoria musical e vital, ao cumprirse o medio século do comezo da súa dedicación á música e ao País.

A relación dos intervinientes nesta homenaxe -que se efectuará de xeito itinerante con parada en cada un dos Hectómetros xa colocados- figura no cartel adxunto, tendo só que engadirlle o nome de Xabier Puente Docampo, que por un erro non vai incluído.

O libro MINI E MERO: LABRANDO PARA SEMENTAR, do que é autor Xuliuo Xiz, recolle a peripecia vital desdes dous homes da música, da escrita e da galeguidade, que comezaron o seu andar musical hai cincuenta anos, de mans do cregoo e musicólogo Xesus Mato, que será precisamente quen inicie o acto da homenaxe. Faise nel un percorrido polo seu labor destes anos, con atención especiall a súa especial intervención na creación e potencia-

ción de Fuxan os Ventos, e logo no grupo A Quenlla, sempre en defensa do galego, da música e do país; con numerosos discos, publicacións de todo tipo, actuacións e actividades, conferencias, e participación en todo tipo de actos, con entrega absoluta ao labor de recolleita e divulgación da música popular deste país.

Neste libro, no que ten principal papel Xesus Mato, así como Alfredo Garrido, que foi o entón directivo da multinacional que editou os discos de Fuxan os ventos e agora editor dos discos de A Quenlla, participan un total de 51 amigos dos homenaxeados que aportan cada un deles a especial visión que teñen destes dous persoeiros da música que foron galardoados co Pedrón de Ouro, Galegos da solidariedade, Galicia Martir, Mestres da Memoria, Promoción da Terra ou Facer País... e un sin fin de recoñecementos que culminan en



Vilalba, na súa Terra Chá (Mini naceu en Baamonde e Mero en Vilalba; os dous en 1951), coa dedi-

cación dun hectómetro literario, con este roteiro na súa honra, e con este libro para achegámonos á súa historia con-

xunta, musical e vital, por ser o momento axeitado

para recontar feitos e aclarar cuestións que ata agora foron quedando esvaídas no decorrer do tempo.

O libro, de 192 páxinas, editado a toda cor, está publicado por Xermolos e a Irmandade Manuel María da Terra Chá, entidades impulsoras do Paseo dos soños en Vilalba, e da súa dedicación a creadores e persoeiros vencellados á Chaira, e poñerase en circulación con motivo deste acto de homenaxe a XOSE LUIS RIVAS CRU-MINI e BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO-MERO. Acompañase arquivo coa portada e contraportada, e quedo ao voso dispor para calquera aclaración ou información que vos pareza oportuna.



INDO POLO PASEO DOS SOÑOS

(HECTÓMETROS DE TANTO VALER DE USO)

PARA UN MÁIS, O DOCE, PARA

MINI E MERO

SABADO 18 DE
NOVEMBRO DE 2017

XUNTÁMONOS ÁS DOCE DA MAÑÁ

NO MUIÑO DO RAÑEGO AO ACARIÑO DAS AUGAS
DO RIO MADALENA.

ACTO PARA ELES DOUS E NÓS:

- Interpretación da Peza a MINI E MERO polo noso gaiteiro nubeiro **RAÚL GALEGO**.
- Recitado do poema a MINI E MERO por **XOÁN XOSÉ FERNÁNDEZ ABELLA**.
- RECEPCIÓN a cargo de **XESÚS MATO**

Comezamos o andar polo PASEO DOS SOÑOS e por cada hectómetro de fantasía e ilusión contrastada. Intervirán:

X L SANTOS CABANAS
PACO MARTÍN
XOSÉ LOIS GARCÍA
MIRO CASABELLA
LUÍS FOZ
MARICA CAMPO
ISIDRO NOVO
HELENA VILLAR
XESÚS RÁBADE
RUBÉN ARAMBURO
XULIO XIZ



Diante do hectómetro a Mini e Mero (obra do noso home de creación e compañeiro **VALDI**), intervirán:

MINI E MERO

Pechando o acto:

ALFONSO BLANCO TORRADO

Xantar no "Terra Chá" de Vilalba
(apuntarse no 646413890) - 20 €

Organizan:



REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

ENGLISH FOR KIDS
A partir dos 4 anos

Talleres
Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG
TALLERES



RS670N4HW1
499€
TE AHORRAS 150€

RS670N4HC2
599€
TE AHORRAS 100€



COMBI BOSCH
KG939V13A
Iluminación LED.
Bandejas cristal.
Botellero. Cajones
VitaFresh 0°C carne
y pescado, verduras.
203x60x66 cm. 400 L.

629€
TE AHORRAS 150€



SECADORA ELECTROLUX
EDH3684PDE
Display LCD. Tambor y puerta reversible. EcoFlow.
Inicio Diferido. Mandos táctiles.

399€
TE AHORRAS 100€

LAVAVAJILLAS BALAY
3VS775BA
Garantía de 10 años en la cuba. Programa diferido.
Motor ExtraSilencio. 14 Servicios. Display digital.

399€
TE AHORRAS 130€

Sólo del 20 al 27 de Noviembre

¡¡MÁXIMO AHORRO!!



SMARTPHONE XIAOMI REDMI 4A

IPS LCD. Dual SIM. 2Gb RAM.
ROM 32Gb. Quad Core 1.4GHz.
Android. 1280x720 Px. 3120mAh.
MicroSD hasta 128 Gb. Cámara
13Mpx y frontal 5Mpx.

130€
TE AHORRAS 5€



SMARTPHONE ALCATEL A2 XL

HD IPS. Procesador Quad Core 1,3GHz.
RAM 1Gb. 8Gb ROM. Cámaras Dual Flash 13MPx
y Delantera 8MPx. 2580mah. Android Lollipop.

99€
TE AHORRAS 10€



LED GRUNDIG
40VLE6730 / 32VLE6730
Dual Core. 1920x1080 Px. 800Hz. Soporte DLNA. Bluetooth.
Wi-Fi. 3xHDMI. 2xUSB+Rec. CH+. A+.

239€
TE AHORRAS 40€

299€
TE AHORRAS 100€



174€
TE AHORRAS 25€

PATINETE ELÉCTRICO
ICARUS
Luces LED. Motor 2x360w. 12 Km/hora.
Autonomía 2 horas. Bluetooth audio.
Carga en 2-3 horas. GRAN VARIEDAD
DE COLORES.



SMARTPHONE NEFFOS c5L

Procesador Quad Core 1,3ghz.
RAM 1Gb. ROM 8Gb. Cámara
8Mpx+Led Flash y Delantera
2Mpx. 2600mah. Android 5.1.
HDR. Dual SIM.

59€
TE AHORRAS 10€

NAVIACENTER.ES

Teixugueiras, 25 NAVIA - VIGO Tel. 986 246 067
naviacenter@gmail.com

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 PONTEAREAS Tel. 986 640 115
tienda@boinscon.com



MASTER
CADENA

ABIERTO TAMBIÉN SÁBADO TARDE

CONSULTE LA CALEFACCIÓN DE ENERGÍA RENOVABLE TIPO BOMBA DE CALOR CON WIFI Y HFC 75% MENOS CALENTAMIENTO GLOBAL